

Expediente núm.	Órgano Colegiado
PLN/2024/12	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo **Convocatoria:**

Ordinaria

Data:

31 de outubro de 2024

Duración:

Desde las 20:30 hasta las 1:06

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida

María Dolores Castiñeira Alén

por:

Secretario:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7194**	Saúl Olmo Vaqueiro	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: En primeiro lugar e entre as trágicas xornadas que estamos vivindo e horas de dureza en Valencia e noutras Comunidades pero sobre todo en Valencia, dende o Concello de Salceda de Caselas queremos manifestar o noso apoio. Fixémolo xa de maneira conxunta en redes sociais, non ía ser menos este pleno da Corporación onde estamos e todas representados manifestar o noso apoio aos afectados da Dana e especialmente á



Comunidade Valenciana e cun cariño especial a través da música da nosa Banda de música e da de Moixent e Ador, dous pobos valencianos que consideramos irmáns, nós une a eles ese gran cariño pola música, nestas horas o Presidente da Asociación Cultural de Amigos e Amigas da Música púxose en contacto con ambas bandas para saber como estaban e como levaban esta tremenda catástrofe, por sorte, todo vai ben. Ao mesmo tempo eu mantiña conversas con Guillermo, Alcalde de Moixent, un dos Concellos que non foron afectados pero que están destrozados e consternados con todo o acontecido. Dicar tamén que chegou un comunicado da FEMP onde nos solicitaba e nos convidaban a participar nun minuto de silencio que imos gardar nesta sesión plenaria si vos parece e informarnos tamén a todos os veciños, veciñas e compañeiros de Corporación que as bandeiras do noso Concello están agora mesmo a media asta e estarán a media asta en sinal de loito durante tres días ata o sábado ás doce da noite. Gardamos un minuto de silencio.

Sr. Rodríguez Davila: Nos sumamos á solidariedade trasladada no día de onte a través do comunicado conxunto das catro forzas políticas representadas nesta Corporación e tamén eu onte nas miñas redes sociais manifestei as miñas conversas mantidas co Concello de Ador e tamén de Moixent, e por sorte eses dous pobos non foron afectados gravemente pola dana. Creo que deberíamos facer algo dende o noso Concello para sumarnos a esa ola inmensa de solidariedade de toda España e é certo que a veces todos queremos axudar e a veces é difícil canalizar esas inmensas axudas en maneira de obxectos ou de roupa, deberíamos os portavoces manter unha reunión para tomar unha decisión ao respecto para de que maneira poderíamos axudar aos pobos e as Comunidades autónomas afectadas e aos Concellos e veciños que alí sofren, que estamos vendo que lamentablemente pola imaxes de redes, televisións, e medios de comunicación. O noso apoio, solidariedade e un forte abrazo a todos os homes e mulleres afectados por esta traxedia.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Consternados polo acontecido e coincido con Santi que habería de artillar de algunha maneira organizada de colaborar coas Comunidades Autónomas afectadas no momento no que as cousas se calmen un pouquiño, tamén é necesario organización e apoiar da mellor maneira posible dende aquí.

Sr. Guerra García: A nosa solidariedade con todas as persoas afectadas, primeiro polos seres que se perden, logo polos bens e non é momento doutras cousas das que haberá que falar máis tarde. En canto a cuestión da achega que poida facer a cidadanía mellor canalizala polas administracións porque é o xeito de que cheguen a bo porto.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

- a) Borrador Acta Pleno sesión número 08/2024 do 27 de xuño.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/8 ordinaria do 27 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.



Sr. Núñez Troncoso: Antes de corrixir as actas habería que corrixir a convocatoria porque no punto 3 fala de aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario núm. 1/2024 e é o núm. 2/2024.

En canto a acta do 27 de xuño, na páxina 30 na miña intervención na 7º liña pon “nos últimos catro meses” e son “nos últimos catro anos” e na páxina 31 ao final da miña intervención pon “Señor Alejandro, si os veciños están pagando este imposto non é por culpa do PP, llo digo polo que vostede lle comenta aos veciños que é o PP, non son vostedes.” e debe poñer: “Señor Alejandro si os veciños están pagando este imposto non é por culpa do PP llo digo polo que vostede lle comenta aos veciños que é o PP, non, son vostedes”

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/8, ordinaria do 27 de xuño; **sendo aprobada por DOCE votos a favor dos/das Sres/Sras. Concelleiros/Concelleiras Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, Fernández Pérez, Rocha Núñez, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Troncoso Estévez, González Luis, Gregorio Vaqueiro, Olmo Vaqueiro e Guerra García e UNHA abstención do Sr. Concelleiro Lorenzo Rodríguez por non asistir a sesión.**

b) Borrador Acta Pleno sesión número 09/2024 do 24 de xullo.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/9 extraordinaria do 24 de xullo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Núñez Troncoso: Na páxina 5 no último párrafo, na 10 liña pon: “para o Concello de oito para acá” e sería: “para o Concello de oito anos para acá”

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/9, extraordinaria do 24 de xullo; **sendo aprobada por DOCE VOTOS A FAVOR dos/das Sres./Sras. Concelleiros/Concelleiras Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro, Fernández Pérez, Rocha Núñez, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Troncoso Estévez, González Luis, Gregorio Vaqueiro, Olmo Vaqueiro e Guerra García e UNHA abstención do Sr. Concelleiro Lorenzo Rodríguez por non asistir a sesión.**

c) Borrador Acta Pleno sesión número 11/2024 do 29 de agosto.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/11 ordinaria do 29 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Núñez Troncoso: Na páxina 13 na miña intervención pon: “con iso, señor Salustina” e é :



señor Salustiano eu esperaba”, e na páxina 15 na liña 14 pon: “registro antes do 1 de xuño e o 30% despois” que sería “ o 30% 82.000€ despois do 1 de xuño”

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/11, ordinaria do 29 de agosto ; **sendo aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE Concelleiros/Concelleiras asistentes a presente sesión.**

Expediente 2222/2024. Aprobación inicial de expediente de suplemento de crédito núm. 2/2024.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0 (APROBADO EN 2º VOTACIÓN, VOTO DE CALIDADE)

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos a esta pleno unha modificación do orzamento de crédito polas dúas modalidades existentes que é o suplemento de crédito e o crédito extraordinario, temos unha incorporación ao orzamento de 714.418,93€ que veñen de dous bandos, por un lado do remanente líquido de tesourería co que conta o Concello que se incorporan 363.203,20€ e por outro lado da liquidación do ano 2022 da participación do noso Concello nos tributos do Estado, esta liquidación foi comunicada ao Concello e ten un saldo positivo de 351.221,91€.

Como dixen ao principio, a forma de incorporar este crédito ao orzamento é por dúas modalidades, unha modalidade de suplemento de crédito e pola modalidade de crédito extraordinario, a modalidade de suplemento de crédito é o punto número 2 e ten un importe de 607.221,62€, si nos vamos ao número tres, ao crédito extraordinario é de 107.197,31€, este ano, tanto do suplemento de crédito como do crédito extraordinario é o segundo que se fai no ano. O suplemento o que fai é dotar partidas orzamentarias que xa existen con crédito e no crédito extraordinario o que se fai é crear novas partidas orzamentarias. Tanto o remanente de Tesourería como a liquidación nos tributos do Estado ao final é un diñeiro que lle corresponde ao Concello de Salceda de Caselas, no caso do remanente xerado polo Concello e no caso da liquidación na participación nos tributos é a liquidación do ano 2022 da participación do Concello de Salceda nos impostos que recada o Estado, ao final son propios do Concello e o que facemos e vir ao pleno para poder incorporar este diñeiro ao orzamento municipal e poder facer fronte a diferentes cuestións como pagos a facturas ou outras. Diñeiro, insisto, que lle corresponde ao Concello de Salceda para incorporar ao orzamento para facer fronte e pagarlle, por exemplo, as empresas e persoas autónomas que traballan para o Concello.

Os expedientes están completos, esta o listado de partidas orzamentarias e incluso o listado de facturas as que se lle vai a imputar. Agradecer o enorme traballo que o departamento de intervención levou a cabo para desenvolver e traer a pleno estes tres expedientes. En canto ao cuarto punto da orde do día, que é o recoñecemento extraxudicial de crédito, traemos unhas facturas que entraron no exercicio 2024 por registro do Concello, e xa que facemos este pleno aproveitamos para aprobalas e pagalas. Todas as facturas que entran nun exercicio que corresponden a exercicios anteriores teñen reparo de intervención e ese reparo



só o pode levantar o pleno polo tanto traemos este listado de seis facturas que suma 11.488€ a este pleno para a súa aprobación e proceder ao seu pago.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos co segundo suplemento de crédito que como os anteriores é consecuencia, entre outros motivos, da falta de orzamento e este comprende facturas que entraron dende maio a setembro, pero agora non sabemos a que facturas se vaia a aplicar porque non hai ningún listado no expediente onde recolla o importe exacto que ven neste suplemento. Iso si é curioso, hai un listado que estaba na Comisión Informativa e non está agora no pleno, non sei si os demais grupos da oposición o viron ou non, un listado que ven sendo un pouco o que pedía o señor Salustiano fai uns meses, que era do que se debe a día de hoxe. Por este listado recolle as facturas pendentes de pagar dende maio ao 30 de setembro por un importe total de 1.187.000€, facturas que entraron non Concello como digo dende maio ao 30 de setembro. Me gustaría saber porqué estaba na Comisión informativa este listado e non se incorporou ao expediente do pleno, que quere dicir isto? Quere dicir que do que hai pendente a 30 de setembro que son 1.187.000€, si se aproba este suplemento e o crédito extraordinario sería por un importe de 714.000€, imaxino que se aplicaría sobre ese listado que estou falando, e nos quedaría pendente de pagar de ese período, maio-setembro, 473.000€ aproximadamente. A isto hai que engadir que si facemos unha media do gasto corrente segundo o orzamento temos un gasto mensual aproximado de 225.000€ ao mes, ou sexa, 225.000€ para outubro, outros tantos para novembro e outros tanto para decembro, o que suman un total de 675.000€ que sumados aos 473.000€ que falei anteriormente chegaremos a 31 de decembro e quedarán pendentes de pagar aproximadamente 1.158.000€ pero é que aquí hai que engadir as facturas que entren de inversión, pois imaxinen vostedes a canto pasaremos de pendente de pagar a 31 de decembro. Vou ler o que di o informe de intervención, entre outras cousas intervención di:

“A necesidade de suplementar crédito pon de manifesto unha deficiente previsión de crédito inicialmente previsto para estas finalidades, unha deficiente xestión da execución dos gastos, ou ambas cousas, evidencia a alta porcentaxe de gastos que continúa a tramitarse sen procedemento de contratación e reserva de crédito previa, ou unha previsión errónea, todo o cal se desenrola nos informes de esta intervención e aprobación das relación de facturas. Compre corregir estas deficiencias, con unha correcta previsión orzamentaria e cunha correcta execución do orzamento de conformidade co crédito asignado a cada partida e coa normativa contractual”. Isto o recolle intervención cando emite unha relación de pago de facturas este texto vai sempre e no propio informe do expediente de crédito extraordinario tamén recolle exactamente o mesmo. En relación as facturas que se deixaron de pagar estas entraron no mes de maio e dúas no mes de xuño por un total de 11.148€ pero é que no total do ano 2023 foron 2.043.000€ de facturas que quedaron sen pagar.

Sra. Alcaldesa: Ese listado de facturas que dixo Joaquín que non está no expediente, ese listado figura no expediente.

Sr. Nuñez Troncoso: Ese listado non está. En relación ao que dicía antes, 2.043.000€ de facturas quedaron sen pagar do ano 2023 e despois outra curiosidade, estas facturas entraron en maio e dúas en xuño, porque non se incorporaron xa ao último recoñecemento de facturas que foi no pleno de agosto? Esta é a rapidez que pretenden pagarlle aos provedores porque xa puideron aforrar dous meses, por certo facturas emitidas no 2023



algunha con máis de un ano, tamén é curioso.

Di a señora interventora municipal: *“as facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupan carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto.”*, e sigue: *“Cómpre, en fin, sinalar que se dan por reiterados en este punto os reparos emitidos por esta Intervención respecto de distintos gastos de carácter reiterativo e que fan referencia, en especial, á carencia de contratos para servizos ou subministros que, pola súa natureza e carácter reiterado, non poden ser considerados como contratos menores”. Ou sexa, fraccionamento de contratos. Sigo co informe: “Por último, advírtese que a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data, determina, ademais de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación na tramitación de expedientes establecido pola Lei 39/2015, sen que se xustifique adecuadamente o motivo da alteración desta prelación”.*

Quero rematar para dirixirme ao PSOE e ao BNG, nós podemos entender, entre comillas, que nomearan vostedes á Alcaldesa, o que non entendemos é despois de ano e medio sigan considerando que é a persoa axeitada para dirixir este Concello, iso non o entendemos e lle vou a poñer varios exemplos: IBI sabe o señor Salustiano como sabemos todos que a Sra. Alcaldesa é unha das máximas responsables do que están a padecer os veciños co catastrazo, sabe o señor Salustiano que a Sra. Alcaldesa votou en contra neste pleno a que fora o Concello quen fora a vía xudicial sobre o procedemento do catastro e non os veciños, xa ve que non se puxo ao lado dos veciños, pero aínda así a fixo Alcaldesa. Leva tamén vostede lembrado da revisión catastral e é un acordo de investidura e ata de agora nin caso; traballadoras do SAF vou ler o que dicía o PSOE de boca de Verónica Tourón que dicía: *“este punto defínese en resume en tres, o primeiro é o reflexo absoluto da falta de xestión do goberno municipal, o segundo é unha falta de respecto aos poucos acordos que se trataron cos grupos que a investiron como Alcaldesa, BNG e PSOE, e terceiro é o puro cinismo da Alcaldesa que xa nos ten acostumados dende o punto de visto e respecto das traballadoras de axuda no fogar”* e dicía vostede señor Salustiano: *“lamentablemente estamos a falar dun grupo de mulleres precarias e maltratadas institucionalmente”*. Por certo, outro acordo de investidura que non se está cumprindo. A adxudicación a dedo vamos a ter aquí un exemplo no punto 8, que como sabemos todos o límite de contratos menores de obra son de 40.000€, no punto 8 a adxudicación foi por 39.861€, ou sexa, 140€ menos do límite establecido, para qué? Para poder adxudicalo a dedo e iso que vostedes no seu acordo PSOE e BNG, lembren, firmaron que sería o límite máximo 10.000€, xa ve que non o están cumprindo, e destes hai moitos exemplos.

Situación económica a 31 de decembro, sabemos todos que se deben máis de 3.000.000€ e dicía tamén a señora Verónica no pleno de febreiro: *“creo que hai que empezar a gobernar para todos e para todas e sobre todo que haxa transparencia nas contas que foi a base que tuvo MS, BNG e PSOE para investila como Alcaldesa”*, segue o señor Salustiano *“Tamén nos cabe a posibilidade de dicirlle a este goberno local, chega, abonda non podemos seguir e que isto xa se mirou hai catro anos, hai seis anos, hai oito anos é da vella escola da que falabamos antes”* e segue dicindo: *“onde vai facer un alto e vai dicir plantemos aquí e empecemos a mudar o goberno local, esa é a pregunta é o que corresponde cando o que se nos pon diante non ten nin pes nin cabeza solo fai falta ler os informes técnicos para votarse*



as máns a cabeza, o peor non é o que temos diante o peor é o que non sabemos” e daquelas sabíamos que había facturas pendentes sen pagar por 1.200.000€ agora son 2.040.000€.

Privatización servizos públicos, o dixo vostede no último pleno, que o goberno que temos fai políticas de dereita, iso o dixo vostede; recollida do lixo privatizado, vías e obras privatizado, biblioteca privatizado, servizo da limpeza privatizado, cando gobernaba o PP iso non pasaba, iso tamén estaba no seus acordos que firmaron. O titular do acordo que vostedes firmaron é curioso, dicían vostedes que ese acordo debe asentarse en comprometerse nunha xestión municipal na que se poña por diante os intereses xerais da veciñanza e nese senso procurar solucións aos problemas que nos últimos meses se veñen pondo en evidencia, tanto no eido social como na situación económica do Concello. Isto o firmaron fai un ano e medio, creo que o temos todos claro que mellora ningunha, entón a pregunta é, que ten que pasar para que mude a situación señores dos partidos PSOE e BNG? Pedimos que fagan algo, hai dúas opcións ou entren no goberno e intenten resolver algo a situación na que estamos ou deixen gobernar a quen ganou as eleccións vostedes deciden, a responsabilidade agora mesmo de situación de este Concello é súa máis do goberno, loxicamente, vostedes verán o que queren facer o que si lle pedimos é que tomen algunha decisión polo ben dos veciños.

Sr. Rodríguez Canosa: Para aclarar o tema das facturas, si entras no expediente hai unha carpeta que é facturas importe bruto, si entras nesa carpeta hai cinco listados mais un listado de todas as facturas, os anteriores listados son separados por distintas áreas de gastos, si volvemos atrás ao expediente hai un arquivo que pon relación facturas suplemento 2/2024 e si vai a outra carpeta que se cha ANEXOS hai un documento que se chama facturas suplemento de crédito extraordinario que aí é onde van todas as facturas tanto as do suplemento de crédito como as do crédito extraordinario.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Si que votamos en falta a elaboración dos orzamentos. Nós, os dous Concelleiros que estamos aquí non apoiamos a Alcaldesa, nós non estabamos nese pleno de investidura, pero si botamos en falta o cumprimento dos acordos que chegaron a este goberno municipal, botamos en falta a elaboración dos orzamentos nos que nos comprometemos a colaborar sen entrar no goberno como xa o levo dito varias veces.

Sr. Guerra García: O señor Núñez acaba de recoñecer que ten unha relación de facturas que en teoría non están na documentación do pleno, non vou ser eu quen me rogue de que creo que hai algo máis de transparencia da que había, en todo caso creo que é un mérito de todos na esixencia de transparencia e eu persoalmente agradezo a facilidade que se está dando na achega da documentación que se solicita, creo que é un mérito de todos empezando polos que esiximos continuando polos que están no goberno que son os que nos facilitan esta documentación.

Entrando nos puntos en cuestión, vemos que se nos trae un cuarto recoñecemento extraxudicial de créditos, o cuarto e hoxe celebramos o quinto pleno ordinario do ano, non sei si nos toca vivir un recoñecemento extraxudicial cada pleno ordinario, si nos vai tocar esa media, e isto é o que nos leva a insistir, a volver a falar de que pasa que o goberno local non da ningún paso para falar de orzamentos porque é unha insistencia pleno tras pleno cando falamos de diñeiro, cando falamos de situación económica do Concello, cando falamos de recoñecementos extraxudiciais de crédito, de suplementos de crédito e o goberno local, ata este momento, fixo oídos xordos a ese chamado de atención para non dar pasos adiante para

empezar a falar dun orzamento, porque por si alguén se esquece o orzamento do 2022, prorrogado no 2023, prorrogado no 2024 e a este paso estamos case na certeza de que vai ser prorrogado, polo menos inicialmente para po 2025.

Si tiveramos que alegrarnos de algo teríamos que alegrarnos de que o recoñecemento de crédito é inferior as partidas anteriores e as facturas están máis actualizadas, creo quei é algo a valorar positivamente, cousa que hai uns meses estabamos falando de facturas do groso de facturas de ano e pico atrás, estamos falando dunha situación máis actualizada e de menos valor, con independencia de iso non lle quitamos importancia a que ao final de ano poida haber pendente de pago, supoñemos que é por falta de cartos, xa para primeiros de ano xa nos preocuparemos na parte que nos correspondente pedir a información necesaria para saber onde estamos. En todo caso nós como en ocasións anteriores non vamos pornos de fronte coa posibilidade de que os fornecedores de servizos do Concello deixen de cobrar os traballos facturados pero eu fago un chamado ao goberno local para ver si realmente demostran capacidade para mudar as tornas e empezar a falar en outro sentido do que é a economía do Concello, empezando por suposto polos orzamentos.

Sr. Rodríguez Canosa: Respecto do que comentaban os compañeiros do PSOE e BNG, como ben saben, non é sinxelo facer uns orzamentos dun Concello, non é sumar tres máis tres e restar dous, é un traballo moi arduo que ten que facer previamente o departamento de intervención e ademais temos que analizar todo o ano, porque incluso hai un tema moi importante e que afecta as arcas municipais como é a recollida e tratamento de residuos que hoxe está de actualidade como tema de SOGAMA, hai que analizar moitas cousas e evidentemente dende o Goberno Municipal somos os primeiros interesados en poder levar adiante uns orzamentos de cara ao 2025. Agradecer as mostras de interese e agradecer tamén a proposta de colaboración explícita do PSOE e si que xa estamos traballando internamente nas liñas fundamentais do orzamento 2025, nas próximas semanas penso que poderemos estar en disposición, con datos concretos, para poder analizar e intentar elaborar uns orzamentos, evidentemente tamén estamos abertos a que o PP aporte todas as suxestións e as boas ideas, aínda que supoño que o que farán será aportar en negativo como soen facer. Tamén agradecer a mostra de sinceridade de Salustiano no que respecta á transparencia, nós dende sempre cumprimos coa lexislación aportamos a documentación que os distintos grupos nos solicitan, tanto sexa PP, BNG ou PSOE, é máis intentamos facelos coa máxima axilidade posible e por dicir un exemplo recente, o PP no anterior suplemento de crédito solicitou ver todas as facturas, máis de mil facturas, un traballo previo moi importante se colocaron esas mil facturas nun ordenador portátil e ese ordenador portátil se puxo a disposición do PP, e puideron ver todas as facturas e curiosamente solicitaron de novo esas facturas fíxose o traballo técnico de seleccionar estas facturas, 800 facturas, colocáronse nun portátil puxéronse a disposición do PP pero ninguén do PP viu a revisar as facturas, ou sexa iso é o que lle importa ao PP a transparencia, fannos enfangar o Concello, atranca o traballo diario para despois nin dignarse sequer a vir a revisar o traballo que fixemos para eles, é un exemplo do que lle importa ao PP como vai o Concello e o día a día do Concello.

Insistir a Joaquín que as facturas están todas e o expediente está totalmente completo senón non se traería ao pleno, e aclarar que os expedientes no momento que se convoca o pleno están bloqueados e ninguén pode acceder a eses expedientes, modificar cousas, eliminar. Como ben sabes tamén os expedientes son distintos para Comisións Informativa e para o

Pleno, seguramente o listado que había na Comisión incluía moitas facturas que teñen subvención como por exemplo as do cambio de luminarias, que son facturas que cento e pico mil euros, dous centos e pico mil euros, seguramente estarían esas facturas incluídas e evidentemente a cifra é moi xugosa e aproveitas para soltar esas cousas que dis. Do que estamos falando é de incorporar fondos propios do Concello provenientes de remanentes de Tesourería e da participación do tributos do Estado ao orzamento e seguir adiante coa xestión municipal, pagarlle as empresas que prestan aos seus servizos e as persoas autónomas e non estamos falando doutras historias. A sede electrónica do Concello non a xestiona ninguén do Goberno, é unha plataforma dunha empresa que foi elixida pola Deputación de Pontevedra que é Espublico e que cada certo tempo fan tarefas de mantemento, coincidiu que xusto tiñan que facer mantemento onte pola noite, tocou así, tamén si pretendemos facer os deberes o último día cando o expediente esta dispoñible dende o luns corremos a veces estes riscos, foron tarefas rutinarias de mantemento.

Sra. Alcaldesa: Sobre o que acaba de dicir o compañeiro Álex fala dunha publicación que fixo Santi nas súas redes sociais que titulaba “ASÍ É COMO NON NOS DEIXAN A DOCUMENTACIÓN DO PLENO DE MAÑÁ” e insinuando que esta Alcaldesa está polas noites con un botoncillo e non lle permite ter acceso a esa información, si se está actualizando a páxina da sede electrónica non culpar a Alcaldesa de que algo está a facer.

Sr. Núñez Troncoso: Eu non minto señor Alejandro, este é o listado 1.187.000€ este é un PDF e vostede me está falando dun Excel, este PDF non está. Ninguén dixo que o seu nomeamento foi ilegal ni moito menos, dixen ben claro “que entendemos que a votaran” . Señor Xurxo que vostede diga que non votaran a Alcaldesa iso témolo claro todos pero o seu Grupo, as dúas persoas que formaban o seu Grupo por aquel entón, si a votaron entendo que seguirán a mesma liña, ou non está de acordo?. Dixo que estaba de acordo coa nosa intervención, quero entender que apoiará a nosa posición, vamos ver onde se sitúan, ou se sitúan onde se teñen que situarse ou se poñen de perfil ao igual que o dixemos na primeira intervención.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Dixen que estaba de acordo con algunhas das críticas sobre todo nas que se refería a nós, tamén quería dicir que as veces sobre todo a nivel municipal se vai moito de presidencialista, o sistema político español que eu saiba é parlamentario, está antes o poder lexislativo que o executivo aínda que teñamos a manía todos de ser excesivamente presidencialistas.

Sr. Guerra García: Gustaríame dicirlle ao señor Rodríguez Canosa que por mal que se elaboren os novos orzamentos sempre nos aforraran cuestións como as que estamos debatendo, porque nunca serán peores uns orzamentos non ben confeccionados ou que teñan erros no transcurso do ano a estar falando de uns orzamentos de hai tres anos que vamos camiño de catro anos con eles. Sr. Núñez Troncoso, a documentación que temos nola pasa a goberno municipal e eu non veño aquí a discutir co PP das intervencións do PP nesta materia, si quere entramos, en moitas cousas podemos estar de acordo, como en que hai que mellorar, a cuestión é que seguramente vostede sempre está botando cana pero o cazón sempre lle cae en seco nunca atina coa auga.

Sr. Rodríguez Canosa: Non podo deixar no aire o que dixo Joaquín, os listados están en Excel,



aquí este pleno nos reclamou que trouxeramos os listados en excel para que viñera o concepto máis claro, tráense en excel, o expediente está bloqueado, as facturas están todas aquí e permítame que lle diga que nun suplemento de crédito o que se fai é complementar partidas orzamentarias, aquí non vimos a aprobar facturas e hai partidas orzamentarias que inclúen facturas pero hai partidas orzamentarias que se van a aprobar neste suplemento de crédito e que por exemplo é para facer fronte aos xuros bancarios do BBVA, ou para facer fronte tamén ao pago de asistencias a órganos colexiados que cobran os Concelleiros e Concelleiras que non son do goberno, supoño que iso o miraría no expediente, todas as facturas están, todas as partidas orzamentarias a onde vai aplicado este suplemento de crédito están polo tanto deixe de mentir e de intentar enganar a veciñanza.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro, en canto aos xuros bancarios vostede me quere xustificar este suplemento e todos os anteriores é polo incremento de xuros bancarios? Vostede siga coa súa retahíla de mentir pero nunca me deu un dato de onde mentira, terá algún documento que o avale.

Sra. Alcaldesa: Paso a dar lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

“ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMERO. Con data 23.10.2024, e ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que non existe crédito suficiente, a alcaldía, mediante providencia, incoou expediente para a concesión de suplemento de crédito para financiar gastos correntes con cargo ó remanente líquido de Tesourería e á liquidación da participación en tributos do Estado do exercicio 2022.

SEGUNDO. Con data 23.10.2024, emitiuse Memoria de Alcaldía na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

TERCEIRO. Con data 23.10.2024, emitiuse informe de intervención e cálculo da Estabilidade Orzamentaria para a aprobación de suplemento de crédito.

LEXISLACIÓN APLICABLE

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 169, 170, 172 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.
- Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de



maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— O artigo 22.2.e) e o 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

— A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

— O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación, considérase que o expediente se está tramitando conforme á lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2/2024 na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 607.221,62 euros financiado con remanente líquido de Tesourería e liquidación PTE 2022.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I suplemento de crédito 2/2024 anexado ao expediente.

Alta en Conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	363.203,20
42000	Participación nos Tributos do Estado	244.018,42
TOTAL		607.221,62

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia. “

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta da como resultado o EMPATE por SEISVOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1).

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), dirimindo o empate o voto de calidade da Alcaldesa, adoptando o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2/2024 na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 607.221,62 euros financiado con remanente líquido de Tesourería e liquidación PTE 2022.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I suplemento de crédito 2/2024 anexo ao expediente.

Alta en Conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	363.203,20
42000	Participación nos Tributos do Estado	244.018,42
TOTAL		607.221,62

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia. “

Expediente 2237/2024. Aprobación inicial de expediente de crédito extraordinario núm. 1/2024.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
------------------	------------------------------------



	A favor: 6, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0 (APROBADO EN 2º VOTACIÓN, VOTO DE CALIDADE)
--	--

Sra. Alcaldesa: Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que corresponde ao Pleno acordar o recoñecemento extraxudicial de créditos como tamén así o establece o Tribunal de Contas en informe 1.415 cando se trate de obrigacións procedentes de gastos indebidos.

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2024-0252 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sea da súa competencia.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 2238/2024, facturas correspondentes a gastos do exercicio 2023 rexistradas en 2024, ascendendo a un total de 11.148,73 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva das modificacións orzamentarias tramitadas nos expedientes 2222/2024 e 2237/2024, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario respectivamente.”

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1).



2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), dirimindo o empate o voto de calidade da Alcaldesa, adoptando o seguinte:

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 2238/2024, facturas correspondentes a gastos do exercicio 2023 rexistradas en 2024, ascendendo a un total de 11.148,73 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva das modificacións orzamentarias tramitadas nos expedientes 2222/2024 e 2237/2024, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario respectivamente.”

Expediente 2238/2024. Aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0 (APROBADO EN 2º VOTACIÓN, VOTO DE CALIDADE)

Sra. Alcaldesa: Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que corresponde ao Pleno acordar o recoñecemento extraxudicial de créditos como tamén así o establece o Tribunal de Contas en informe 1.415 cando se trate de obrigacións procedentes de gastos indebidos.

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2024-0252 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sea da súa competencia.



En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 2238/2024, facturas correspondentes a gastos do exercicio 2023 rexistradas en 2024, ascendendo a un total de 11.148,73 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva das modificacións orzamentarias tramitadas nos expedientes 2222/2024 e 2237/2024, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario respectivamente.”

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1).

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), dirimindo o empate o voto de calidade da Alcaldesa, adoptando o seguinte:

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 2238/2024, facturas correspondentes a gastos do exercicio 2023 rexistradas en 2024, ascendendo a un total de 11.148,73 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva das modificacións orzamentarias tramitadas nos expedientes 2222/2024 e 2237/2024, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario respectivamente.

Expediente 2225/2024. Aprobación inicial da ordenanza municipal de circulación.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 1, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Hoxe traemos a aprobación de este pleno municipal unha nova



Ordenanza municipal de circulación, a actual é do ano 2006 era preciso unha profunda actualización non só modificar catro datos, polo tanto a opción escollida é a de elaborar unha nova ordenanza e derrogar a anterior.

Creo que toda a veciñanza ten claro que no ano 2007 Salceda de Caselas comezou unha nova época, unha época de cambio e unha época na que unha das características, entre outras, máis importantes foi a de ir pouco a pouco devolvéndolle o espazo público a veciñanza en detrimento dos vehículos que eran predominantes naquel momento. comenzáronse a facer pequenas humanizacións, pequenas e grandes, peonalizacións como é a Praza do Concello que en días como hoxe podemos ver como ducias de nenos e nenas xogan tranquilamente nesa praza sen ter que estar preocupados porque pasen vehículos ou non. Estas accións e penso que Salceda foi pioneira nestas, ao igual que foi pioneira no establecemento de aparcadoiros disuasorios por toda a Vila e podemos ver como Concellos da contorna nos foron copiando posteriormente. Foise complementando posteriormente con acordos como por exemplo a aprobación do PEMUS, Plan de mobilidade urbana sustentable e xa uns anos despois e máis recente a adhesión que fixo o Concello de Salceda de Caselas a rede Ágora, todo encamiñado no sentido de que sexa unha Vila máis amable coas persoas con menos tráfico, menos coches que ao final producen ruídos, contaminación. Se trouxeron a este pleno diferentes proxectos para seguir na liña de humanizar, e podo afirma que é idea deste Goberno seguir pouco a pouco apostando por esta recuperación do espazo público, apostar polo tráfico peonil e dos peóns, sempre na medida do posible, non vamos a facer tolerías con estas cousas.

Despois tamén temos que falar de cambios legislativos no Estado, no Código de Circulación e tamén as novas formas de mobilidade que pouco a pouco foron chegando as nosas vidas e xa figuran no día a día e de aí a necesidade de facer esta nova Ordenanza. Nesta nova Ordenanza o que se fai é regular o uso dos novos vehículos de mobilidade persoal que son estas formas de moverse que temos e que nestes novos vehículos de mobilidade persoal están incluídos, o máis famoso, os patinetes eléctricos. Na liña do que se ven desenvolvendo en diferentes Concellos e na liña que marca a Dirección Xeral de Tráfico entre as regulacións que se fan destes vehículos é que so poderán circular polas vías públicas e que entre outras cousas terán que utilizar casco, terán que ter unha idade mínima, terán que usar elementos reflectantes no caso de se realice de noite ou en condicións meteorolóxicas adversas, e desta forma regulamos un problema.

Outra cuestións importantes desta Ordenanza é a regulación e darlle un encaixa legal ao establecemento de novas zonas de aparcadoiro limitado no tempo, neste pleno se nos solicitou que se crearan zonas de aparcadoiro limitado no tempo chamámoslle zona verde, zona laranxa ou zona vermella e tamén para legalizar ou dotar de regulamento ás distintas zonas de aparcadoiro que se foron desenvolvendo na Vila, como por exemplo os aparcadoiros limitados para as farmacias, ou aparcadoiros que se poidan limitar para outros casos puntuais e que sexan en beneficio social de toda a Vila. Tamén outras novas realidades que nos trouxo, esta xa é máis recente, e que se regula nesta Ordenanza é as modificacións que se fan na carga e descarga, todos sabemos que nos últimos anos aumentáronse exponencialmente os servizos de paquetería, o comercio online, todos vemos moitos vehículos a diario circular polas novas vías, desta forma ampliamos o horario de carga e descarga para darlle maior flexibilidade a estes vehículos de reparto e a todos os vehículos



de carga e descarga e incluímos tamén unhas reservas de carga e descarga aos sábados pola mañá para que poidan realizar estas tarefas. Estes son os puntos máis importantes evidentemente hai moitos outros que se modifican e que se engaden que non estaban recollidos na anterior ordenanza. Esta é unha ordenanza adaptada ao ano 2024 no que vivimos e que ademais tamén recolle supostos que se poderán dar nun futuro próximo a idea é facer unha Ordenanza para que estea en vigor durante moitos anos e que non teñamos que estar modificándoa cada dous por tres e que estableza as regras e a circulación de Salceda durante moitos anos, un expediente que conta cos informes favorables de Secretaría e tamén co informe favorable do Oficial da Policía Local, persoa coa que esta ordenanza se desenvolveu conxuntamente e tamén publicamente quero agradecer todo o traballo que fixo, o asesoramento a disposición que tivo sempre para levar adiante este texto e para que a podamos traer aquí a este pleno.

Sr. Lorenzo Rodríguez: Para o noso grupo a seguridade é un deber básico de todos veciños e veciñas, xa sexa seguridade cidadá, xa sexa seguridade viaria. Seguridade viaria que debido ás novas formas de mobilidade que van xurdindo, modificacións legislativas en materia de tráfico e transformación da rede viaria a favor dunha mobilidade máis sostible, require e necesita unha adaptación a ditos cambios, cambios que requiren a concienciación tanto de condutores de vehículos como peóns, así como dotación de máis medios á policía local e como non melloras na rede viaria tales como asfaltado, sinalizacións e limpeza. O Grupo do PP vaise a abster na aprobación desta ordenanza xa que consideramos que é mellorable polo que durante o período de exposición ao público desta vamos a presentar emendas de melloras do texto definitivo para que volva ao pleno para que aí sexan recollidas e aprobadas as máximas inquietudes e propostas dos diferentes grupos e colectivos salcedenses.

Sr. Gregorio Vaqueiro: O máis destacable desta ordenanza municipal é a introdución dos vehículos de transporte persoal, patinetes, que no 2006 non había, e a cuestión é saber ata que punto vai aumentar a cantidade de patinetes e ese tipo de transportes na localidade, aínda que vexo que está ben que hai unha serie de sitios que se lles prohiba aparcar, si aumenta a cantidade de eles o que haberá que prever é sitio para o seu estacionamento ao mesmo que as bicicletas, xa que hai uns anos que xa se comentaba que ían aumentar de maneira exponencial o tema das bicicletas eléctricas e me da a impresión de que tampouco o aumento foi nin está sendo tan grande. Concordo co dito polo compañeiro do PP en canto a seguridade viaria, medios a Policía Local, entendo que é algo que hai que consensuar entre todos, e haberá que ter en conta o que digan todos os colectivos. En canto a rotación intensiva, lembro que hai uns anos que fora unha proposta do PP, cando nos propuxeran aos comerciantes o tema de ter unha zona de 15 minutos, lembro que xa o defendín na assemblea e a ningún dos comerciantes lle gustou, haberá que velo cos colectivos.

Sr. Guerra García: Nós imos proporlle ao Goberno local que retire isto da Orde do Día, primeiro porque con 94 artigos, dúas disposicións adicionais, unha final e unha derogatoria a maioría é palla, quero dicir, hai unha recopilación de lexislación respecto da Lei Xeral de Tráfico e Lei de Seguridade Viaria pero polo resto o único que se observa a maiores é o cometido sobre vehículos de mobilidade persoal, que si fora por iso se podería traer un engadido á actual ordenanza ou pasar isto a todos os grupos para que revisen isto con calma porque isto, sinceramente, non hai por onde collelo, vou explicar porqué:



Primeiro as labazadas que se lle da a lingua Galega, aquí hai artigos que están repetidos, hai parágrafos que están repetidos, por exemplo no artigo 27 – “prohibido o estacionamento nos casos nos lugares seguintes: a) en todos os descritos no apartado anterior do presente artigo”, que alguén me explique lendo isto a onde vai parar, “prohíbese o estacionamento cando se efectúe en dobre fila sen condutor” si é con condutor pódese aparcar en dobre fila?. Hai parágrafos enteiros repetidos “os condutores de vehículos de mobilidade persoal están obrigados a utilizar casco nas condicións reguladas nesta ordenanza no artigo 49”; definición de peóns: “tamén teñen consideracións de peóns quenenes empuxan ou arrastran un carriño infantil ou dunha persoa con discapacidade de calquera outro vehículo sen motor de pequenas dimensións, as persoas con discapacidade que circulan ao paso nunha cadeira de rodas con ou sen motor” e logo no artigo seguinte: “persoas asimiladas a condición de peóns, será persoa asimilada a condición de peón a que empuxe ou arrastre un carriño infantil...” ou sexa repetíndose o anterior. Artigo 37: “Prohíbese deixar animais soltos en calquera clase de vía ou nas súas inmediacións sempre que exista a posibilidade que estes poidan invadir a vía” se non invaden a vía pódese deixar animais soltos en calquera lugar?. “Os excrementos dos animais non poderán quedar depositados na vía pública”, isto está repetido noutro apartado, isto é do artigo 37 e no artigo 38 pon: “Os excrementos dos animais non poderán quedar depositados na vía pública” repetido. No artigo 39: “Con carácter xeral prohíbese o emprego de dispositivos sonoros con fin propaganda, reclamo” a min me gustaría que se me aclarase si isto é todo tipo de actividade sonoro en canto a uso de altofalantes ou si a partir de agora para as campañas electorais vai haber que solicitar autorización, non vaia ser que se nos cole por aquí algo e algún día se nos diga vostede ande irregularmente a partir do establecemento de esta ordenanza, di: “coa independencia da mensaxe que conteña queda igualmente prohibida publicidade mediante a utilización de vehículos portadores de carteleira ou publicidade estática”, outro tanto sobre o que acabo de dicir isto afecta as campañas electorais?. “As bicicletas deberán estar provistas de timbre” iso di no artigo 43, no artigo 45 di “as bicicletas deberán levar timbre”, “Outras normas de circulación de bicicletas. Como norma xeral se prohíbe transportar outra persoa excepto o disposto no paragrafo anterior” o paragrafo anterior di: “circular co vehículo sobre unha roda”.

Eu creo que sinceramente isto necesita un repaso dende o primeiro ao último artigo. Vou resumir a parte da pouca palla e pouco contido como ordenanza é impresentable polo que acabo de expor, si é polos vehículos de mobilidade persoal iso apañábase cun engadido á actual ordenanza, practicamente todo se centra nas vías urbanas porque cando fala de vías interurbanas habería que definir que se entende nunha ordenanza municipal por vías interurbanas, son as pistas das parroquias porque casualmente nos queda atrás un apartado importante do territorio como son as pistas parroquiais, onde nós entendemos que se debería controlar tanto a dispor os límites de velocidade por unha banda e logo límites de vehículos con carga, en todo caso a ordenanza pasa tamén de falar das prazas rotatorias algo que se aprobou neste pleno, nós propomos que para facer algo en condicións se retire da orde do día.

Sra. Alcaldesa: Teño coñecemento de primeira man que o Oficial de Policía dedicoulle horas de traballo ao que vostede acaba de denominar palla, eu confío sempre no criterio técnico do persoal do Concello e ao igual que o dixó Álex, agradécello inmensamente o traballo feito polo Oficial de Policía.



Sr. Rodríguez Canosa: Centrándome no alegato que fixo Salustiano, penso que non estivo moi acertado, como ben dixo o PP, o máis razoable e é o que se sole facer nestes casos é estudala e no período de alegacións presentar alegacións que se traerán a este pleno para aprobación definitiva, polo tanto, evidentemente anímolle ao Grupo Mixto que presentan todas as aportacións e alegacións que estimen oportunas e si detectan erros ou labazadas á lingua que me diga cales hai que corrixir e corrixiranse sen ningún problema. Nun documento de 62 páxinas seguramente que cometemos algún erro gramatical, ortográfico, eu reviseina palabra por palabra seguro que se me colou algún. Teño que dicir Salustiano que vostede sexa perfecto coa lingua eu non o son, a veces se me colan cousas como o ben dixo ao igual habería que modificalo, non hai problema ningún. Isto é unha aprobación inicial, dicir que unha ordenanza é palla non sei si dirá o mesmo das leis que aproban os organismos autonómicos ou que aproba o Estado eu penso e polas leis que existen que tanto unha Ordenanza como unha Lei nunca é redundante, hai que recoller todos os supostos e repetilos as veces que falla falta para quede todo ben claro e que non exista ningún baleiro legal á hora de interpretar algo que non estea claro cal é a interpretación, isto pasa con calquera ordenanza municipal, con calquera Lei Autonómica, Europea ou Estatal. As sancións baséanse en artigos e moitas veces si é obrigatorio é necesario repetir en distintos artigos o mesmo. Si a vostede lle parece palla non vimos aquí a fardar dun documentos de moitas páxinas, simplemente vimos aquí a falar dun documentos que pensamos que recolle todos os aspectos necesarios, e sobre todo dotar de resposta xurídica e acompañamento xurídico a calquera actuacións que poida facer a Policía Local de Salceda, polo tanto, un pouco darlles cobertura e que non se encontre en situacións de interpretar artigos porque non estean completamente escritos.

En canto ao que dixo das eleccións debe ser o que máis lle preocupa como lle pode afectar isto as eleccións ao seu partido político, evidentemente na Ordenanza hai casos autorizados, e máis, as eleccións veñen autorizadas pola Xunta Electoral, Central e de zona, e tamén insisto, os grupos políticos temos que ser os primeiros en dar exemplo, si nós non damos exemplo coas nosas actuacións evidentemente despois non lle podemos pedir á veciñanza que cumpra unha normas. Lembro desgraciadamente ver carteis do BNG colocados en lugar que non correspondían á propaganda electoral, incluso che mandei un whatsapp un día afeándoches un cartel nun espazo que non era o idóneo para colar un cartel. Penso que nós debemos ser os primeiros en dar exemplo si queremos esixirle e crear normas. Insisto que unha Ordenanza nunca é redundante e insisto no traballo levado a cabo polo goberno municipal e especialmente polo Oficial xefe de Policía de cara a facer esta ordenanza, e remato co que dixo “si hai condutor non é dobre fila” e si hai condutor non é aparcar senón que é parar.

Sr. Gregorio Vaqueiro: isto é unha aprobación inicial que vai ser exposta para alegacións e si pediría ao Goberno Municipal animar aos colectivos e informalos para que presenten alegacións que consideren oportunas e que sexa modificalo cando veña ao pleno da maneira que sexa conveniente tendo en conta as propostas dos diferentes colectivos.

Sr. Guerra García: No apartado de infraccións leves di: “circular sen ter a idade mínima permitida para unha vehículo de mobilidade persoal”, nas infraccións graves “circular con un vehículo de mobilidade persoal sen ter a idade mínima permitida”, ou sexa aplicáselle a leve



ou a grave?. Infracción grave: “non respectar o límite de velocidade regulamentariamente establecidos”, infraccións moi graves “non respectar os límites de velocidade regulamentaria establecido”, realmente pretendemos que a cidadanía veña a corrixir este despropósito?

Sra. Alcaldesa: Como parece ser que o señor Salustiano é experto en circulación e tráfico, imos votar a súa proposta de deixar sobre a mesa este punto.:

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta do Sr. Guerra García de retirar o asunto da orde do día, esta resulta REXEITADA por UN VOTO a FAVOR do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), SEIS EN CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6)

Sr. Alcaldesa: Visto o resultado anterior, dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Vista a necesidade de proceder á aprobación dunha nova ordenanza municipal en materia de circulación, co obxecto de regular a circulación de vehículos e peóns, nas vías urbanas comprendidas no termo municipal de Salceda de Caselas e nas vías interurbanas cuxa competencia fose cedida ao Concello.

Visto o texto da nova nas vías urbanas comprendidas no termo municipal de Salceda de Caselas e nas vías interurbanas cuxa competencia fose cedida ao Concello elaborada polo departamento de Policía Local. Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0032 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local á aprobación da nova ordenanza de circulación, de data 23.10.2024.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de circulación do concello.

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta da señora Alcaldesa, esta resulta APROBRADA por CATRO VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), UN VOTO EN CONTRA do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), E OITO



ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e PSdeG-PSOE (2), adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de circulación do concello.

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Expediente 1805/2024. Ratificación do apartado 1º da Resolución núm. 2024-1323 de aprobación de proxecto de sinalización da Rede municipal de micropaisaxe.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Sr. Troncoso Estévez: O Concello de Salceda de Caselas concorreu á convocatoria da Axencia de Turismo de Galicia para unha concesión de subvención a concellos de menos de 10.000 habitantes para mellora das infraestruturas turísticas, a subvención foi concedida por un importe de 29.909,69€, o proxecto que presentamos pretendía poñer en valor unha gran diversidade de recursos turísticos, espazos naturais singulares, camiños, sendas, tamén patrimonio etnográfico e recunchos con unha elevada beleza singular, para conformar o que nós consideramos unha rede de micropaisaxes. A rede de micropaisaxes é por concepto e definición, e paso a ler o que significa micropaisaxes: Os micropaisaxes son lugares atractivos e achegados ao observador tanto que podemos mesmo totalos, ulilos e escoitalos que nos transmiten sensacións pracentearas e mesmo beneficios para a nosa saúde. Nós o primeiro que fixemos foi unha proposta sacando todos os espazos singulares do inventario dos espazos naturais de Salceda de Caselas, fixemos esa primeira proposta a empresa que nos desenrolou este proxecto e partir desta primeira proposta eles escolleron 22 espazos que consideraron que cumprían con ese concepto de micropaisaxe estiveron durante unhas semanas paseando por Salceda de Caselas, polos espazos que nos lle propoñiamos e tamén por aqueles outros que eles tamén consideraban que podían encaixar dentro do que se considera un micropaisaxe e nós a condición que lle puxemos é que recollesen puntos singulares de todas as parroquias queremos que nesta rede de micropaisaxes estivesen representados todas as parroquias.

O proxecto consiste en crear unha rede de micropaisaxes en cada un de estes 22 emprazamentos o que se fai é unha localización, unha sinalización con unha baliza ou unha placa dependendo o sitio que teñamos no emprazamento e un panel informativo que está na Senda do Caselas, nas Pontes. Nas balizas o que se crea é unha codificación en QR que nos leva a unha páxina web que é unha páxina web do proxecto onde nos explica cal é a



singularidade destes espazos, porque se considera unha micropaisaxe interesante para ver, para coñecer, e do que se trata é crear unha ruta que nos leve por aqueles espazos máis bonitos e máis singulares do noso Concello. É unha subvención que é concedida ao 100%, non nos costa un euro ás arcas municipais, é un proxecto que foi aprobado por Decreto de Alcaldía e que se trae a ratificación por parte do Pleno.

Sr. Nuñez Troncoso: Si non entendín mal ao Concelleiro, dixo vostede que foi a empresa quen escolleu os espazos.

Sra. Alcaldesa: Non dixo iso, se lle fixo unha proposición inicial por parte do Concello e que despois a empresa viu aqueles espazos que mellor encaixe teñen, sei que di isto polo que dixen eu na Comisión que a decisión foi político técnica e sigo manténdoa.

Sr. Núñez Troncoso: Digo porque no expediente pon que partimos dunha primeira proposta feita polo Concello. Quería saber si os traballos xa se remataron ou non, o digo porque o luns en Comisión se nos dixo que aínda quedaban pequenos flecos aínda estaban sen rematar.

Sra. Alcaldesa: O luns na Comisión lle dixemos que probablemente ese día se rematarían, de feito xa están rematados os traballos.

Sr. Núñez Troncoso: Este é outro claro exemplo de como se xestiona neste Concello, é certo que se recibu unha subvención que entrou no Concello no mes de abril, unha subvención da Xunta de Galicia por 29.900€ que como ben dicía o Concelleiro de área cubre o 100% do traballo, o prazo para rematar e xustificar a obra é hoxe, creo que xa falamos en Comisión que ese proxecto a competencia é deste pleno para aprobalo, non sei si vostedes xa remitiron a documentación xustificativa ou non porque si xa remitiron a documentación xustificativa entendo que está incompleta porque o competente para aprobar ese proxecto é o pleno, polo tanto hoxe remata o prazo as doce da noite e iso está sen aprobar ou dito doutra forma, aquí empezamos a casa polo tellado, primeiro facemos a obra e despois contratamos o proxecto e aprobamos o proxecto, non é só esta vez, xa ten pasado máis veces, primeiro facemos a casa e despois aprobamos o proxecto e si non se aproba o proxecto, hai que botar a casa a baixo, se isto xa é grave, máis grave é que non se dera participación aos grupos de esta Corporación. Este Grupo é o grupo maioritario representa máis do 44% dos veciños de Salceda, xa non digo que nos dea a nós participación que xa sei que non está nese plan pero polo menos que lle dera aos grupos que a nomearon Alcaldesa pero é que nin iso. É unha subvención, non vamos rexeitala, loxicamente, pero vamos a abstermos na aprobación deste proxecto porque non se dan as condicións para nós apoiar este proxecto ao 100%, como xa dixen unha a forma como se está xustificando e outra como a forma que se escolleron os elementos sen darlle ningunha participación a este grupo.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Como xa comentei na Comisión, non teño nada que dicir dos espazos escollidos, están ben pero tamén poderían ser outros, si boto en falta tanto o de comentalo cos outros grupos como, na anterior lexislatura estaban os Consellos de participación cidadán ou xa directamente algúns colectivos de cada parroquia que puidesen participar un pouco máis na decisión dos espazos.

Sr. Guerra García: Dende o 28 de febreiro que saíron publicadas as bases si o Concello



realmente optara a isto tivo tempo de abondo, nós non queriamos que o Goberno municipal comunicase ao BNG esta situación pero cando menos que llo comunicase ás asociacións sobre todo as apegadas ao territorio, asociacións de veciños e comunidades de montes, de seguro que houberan feito achegas que enriquecerían este traballo, deste xeito o traballo queda entre o que a cabeza lle deu á xente do goberno local e o que o equipo técnico que elaborou o proxecto entendeu o que podía entrar, creo que se perdeu unha nova oportunidade de novo de ter en conta as asociacións do territorio, as asociacións veciñais e de facer un proxecto bastante máis enriquecedor do que é. A min gustaríame que cando se fan proxectos deste tipo, sempre se fala para os que nos visitan etc... de vez en cando que se faga unha referencia a cantidade de residentes neste Concello que non coñece o territorio, é moi importante, hai moito residente, sobre todo na zona urbana, que non coñece o territorio e hai que referirse a el porque son os quizás os primeiros aos que nos deberíamos dirixirnos porque cando se coñece o territorio e cando se lle colle cariño.

Sr. Troncoso Estévez: A primeira proposta que fixemos máis que unha proposta é unha relación dos espazos que temos en Salceda, singulares, eles visitaron todos eses espazos que creemos que eran singulares e eles baixo un criterio máis técnico, pois ao final son expertos paisaxistas, nos recomendaron cales eran aquelas zonas que mellor cumprían co cometido deste proxecto en si, nós medímolos, valorámolos e creemos que era unha opción moi válida. Dito isto é un proxecto aberto, un proxecto dinámico que leva unha web do proxecto que podemos incluír a calquera punto que consideremos oportuno e si nun futuro hai unha segunda fase podemos incrementar calquera punto que nos poida parecer interesante. Unha subvención que conseguimos baixo unha xestión creo que bastante boa porque é unha subvención que vai a concorrència non competitiva, é dicir, tes que ser moi áxil na súa tramitación e o equipo que a presentou estiveron dende o minuto un super-pendientes de ser o máis áxiles posible para acceder a esta convocatoria, debemos ser entre os cinco primeiros Concellos en tramitar esta subvención, parece lamentable que ao final se veña aquí coma unha xestión nefasta, penosa da cal no se fixo partícipe.

É un proxecto que está aberto que se pode continuar en diferentes fases, nós para ben e para mal estamos no goberno, temos que tomar decisións e xestionar ese é o noso día a día. Non se puido traer antes a aprobación porque o que presentamos no seu momento foi unha memoria, unha memoria que houbo que elaborar con certa premura, presentamos a memoria, a Xunta o aceptou, concedéndonos esa contía e o proxecto final se entregou a principios de setembro, co cal no último pleno de agosto non o puidemos traer, o traemos agora estamos dentro de prazo, os traballos están realizados, temos un acceso dende a páxina web que xa está conectada e acabo de velo hai un ratiño seguramente por estes problemas de mantemento que houbo nestes últimos días que era cando estaban volcando a información, en todo caso me aseguraron que en esta semana quedaría listo e senón a partir do luns, pero si os traballos están completados.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Concelleiro de área, non digo que non fixeran ben a xestión, ninguén pon en dúbida iso, o que é evidente é que dende que saíu a convocatoria no mes de febreiro esperamos ao último día e a última hora, houbo tempo de abondo para adxudicar o traballo. Falaba tamén o señor concelleiro de que é un proxecto aberto, de acordo, pero aquí xa se podían recoller as opinións non só dos grupos, non só da Corporación senón tamén dos demais colectivos. Falaba Salustiano das Comunidade de Montes ou das Asociacións de



Veciños, creo que iso non se recolleu, ningunha opinión, colleron vostedes o criterio e aquí os demais como se non existiramos non so os grupos senón tamén as diversas Asociacións que poderían opinar e moito. Nós vamos a abstermos por non participar para nada neste proxecto e a forma na que se está xustificando este proxecto.

Sr. Guerra García: Pido por favor que se corrixa a toponimia.

Sra. Alcaldesa: Fixémolo xa dende a súa advertencia na Comisión do luns, o único erro que detectamos foi A Picoña no lugar de Picoña e estaba nun informe do técnico. O señor Joaquín a verdade é que nada lle serve, solicitamos unha subvención se nos concede a través da Xunta de Galicia, neste caso, da Axencia de Turismo de maneira total ao 100%, se xestiona evidentemente, claro que se xestiona e se toman decisións gobernamos, Joaquín gobernar ten esas cousas, se fai o traballo, se xustifica e resulta que non lle vale. Procedemos a votación da ratificación do apartado 1º da Resolución núm. 2024-1323 que literalmente di:

“PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Sinalización da Rede municipal de micropaisaxes no concello de Salceda de Caselas”, redactado polo arquitecto Óscar López Alba, en data 26 de setembro de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 28.474,02€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 4.941,77€ e o presuposto sen IVE a 23.532,25€.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por 4 VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e NOVE ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), PSdeG-PSOE(2) E Grupo Mixto-BNG (1), adoptando o seguinte

RATIFICAR o apartado 1º da Resolución núm. 2024-1323 que literalmente di:

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Sinalización da Rede municipal de micropaisaxes no concello de Salceda de Caselas”, redactado polo arquitecto Óscar López Alba, en data 26 de setembro de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 28.474,02€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 4.941,77€ e o presuposto sen IVE a 23.532,25€.

Expediente 2032/2024. Ratificación do apartado 1º da Resolución núm. 2024-1261 de aprobación de proxecto “Instalación de elevador na antiga casa - escola da Vendanova (Fase III)”.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sra. González Luis: Neste punto vimos a ratificar o proxecto xa aprobado por decreto da “Instalación de elevador na antiga casa - escola de Vendanova”. O espazo que actualmente está cedido á Asociación AFAGA. AFAGA fai unha labor de prevención e tamén de acompañamento a aquelas persoas que están en risco ou que xa padecen alzheimer ou algún tipo de demencia, pasan semanalmente máis de 50 persoas por alí, oxalá que co paso do tempo sexan moitas máis e poidamos seguir aumentando os servizos tan necesarios. O



presuposto de este proxecto sen iva e de 22.270,72€ e o presuposto final co IVE incluído é de 24.527,57€, serán financiados con fondos da liña 1 do Plan Máis Provincias e actuacións que se desenvolveron neste centro se deron divididas en tres partes, nunha primeira fase no 2020 cando se puxo en marcha, unha segunda fase que se está rematando na actualidade que se está levando acabo co Obradoiro de Emprego, a parte de albanelaría e carpintería no que se está habilitando esa segunda planta con toda a intención de que sexa utilizada para formacións, asesoramento e acompañamento psicolóxico as familias e aquelas persoas que o precisen, habilítase así un novo espazo coa intención, como ben dicía antes de que co paso do tempo poder seguir aumentando os servizos tan necesarios, e finalmente esta terceira fase que sería a colocación do ascensor para garantir a accesibilidade a totalidade do edificio de todos e todas aqueles veciños que así o precisen.

O proxecto conta con informes técnicos favorables, viabilidade urbanística e as autorizacións sectoriais de patrimonio xa foron autorizadas no proxecto completo. Este proxecto recolle os traballos que consistirán na preparación do espazo mediante a retirada dos taboleiros de melamina existentes nos ocos onde se vai a instalar o elevador, proceder ao revestimento interior de este oco de ascensor e pintado con pintura plástica lisa en cor branco, procederase a instalación dun elevador de dúas paradas que conecta a planta baixa coa planta primeira, realizaranse as conexións necesarias de electricidade e iluminación e toma telefónica a cabina e por último rematarase cos traballos de revestimento de parámetros verticais en formación de machóns e armarios de rexistro e coa colocación dunha porta metálica de dúas follas no armario de cadro de manobra do elevador. Un proxecto importante para todas aquelas persoas que padecen ou están en risco de padecer, sendo tamén moi importante a labor que se realiza de prevención neste edificio, dende aquí tamén aproveitar este momento para animar aquelas persoas de máis de 65 anos a participar no programa do “cultiva mente” habilítouse un terceiro grupo e quedan praza dispoñibles e creemos que é fundamental traballar na prevención deste tipo de demencias e tamén instar a todas aquelas persoas que teñen algún familiar con algún tipo de demencia a que acudan ao servizos sociais municipais ou a este propio centro onde traballan as traballadoras de AFAGA que darán a información necesaria, neste momento derivan a súa sede no Porriño e con total certeza nun futuro cando todas estas fases estean rematadas tamén poderán ser atendidos psicolóxicamente en Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Alcaldesa, antes de pasar a tratar este punto non podo deixar pasar as afirmacións que vostede fixo cara a miña persoa fai un intre neste pleno. Vostede céntrese no que ten que facer e deixe de dar opinións sobre as decisións dos demais grupos do que facemos ou deixamos de facer, do que votamos ou deixamos de votar, a Joaquín fai un intre llo acaba de espetar porque vostede consideraba que os demais grupos ían apoiar o punto anterior, que votou o BNG, PSOE e o PP? Abstención verdade? Quen é vostede para dar opinións ou concrecións do que facemos ou deixamos de facer, por tanto un mínimo de respecto hai que ter moita cara, señora Alcaldesa, para que cada vez que se dirixa a min faltarme ao respecto e xa lle dixen un día que se sae ese tic de ruindade aflora en vostede iso, vostede sempre terxiversando as intervencións, as opinións ou as votacións dos grupos neste pleno, será que lle molesta que os demais traballemos as horas que consideremos ou cando poidamos traballar? Porque cando vostedes están aquí no Concellos os demais estamos traballando noutras ocupacións e iso a vostede nin a min non lle importa respecto do que fai cada un no tempo do día, e polo tanto se un traballa as 10 - 11 da noite respecto



das cuestións que veñen a pleno e problema de cada un non de vostede, será que lle molesta que este Concelleiro unha vez si e outra tamén lle gane as eleccións contundentemente e non lle digo nada o compañeiro Joaquín na súa parroquia natal, Soutelo por certo. Descargamos os documentos cando podemos os días que podemos e o tempo que temos libres para dedicarlle as cuestións que nos ocupan como Concelleiros, non todo o día como vostedes, nós non nos dedicamos en tempos e nas dependencias municipais para facer tiktok que a ninguén lle importan nin lle resolven os problemas dos veciños, polo tanto señores do goberno menos tiktok e máis xestión porque despois pasa o que pasa.

En canto ao punto que nos ocupa, o noso grupo como fixemos no seu momento na reforma da antiga escola da Vendanova, por certo unha proposta iniciada por este partido no seu programa electoral e logo na que se sumaron os demais grupos, como digo como fixemos nas demais propostas que se trouxeron aquí para debater e aprobar as devanditas subvencións que permitiron rehabilitar e poñer a disposicións dos Salcedenses esa edificación municipal, loxicamente vamos a apoiar unha subvención que se pretende propor a través do Plan Máis Provincia da Deputación de Pontevedra, ese ascensor, ese elevador necesario para que se poida comunicar a planta baixa coa planta primeira e polo tanto tamén quero aquí sumarme e animar, como dixo a Concelleira Selene, o que trasladou no día de hoxe respecto dos familiares, persoas que poidan necesitar ou que poidan no día a día ver as necesidades de mellora na saúde da mente ou de outras índoles dos seus seres queridos, polo tanto é bonito ver como en cuestións importantes ou de necesidade básica de atención aos cidadáns sobre todo de idade avanzada, que poidamos entre todos sumar vontades de distintas administracións, neste caso que a Deputación saquen plans para que os Concellos poidan optar aqueles recursos para reformar, rehabilitar edificios públicos e dedicalos a cuestións que van a beneficiar a maioría da sociedade e polo tanto este grupo vai votar a favor da petición e da aprobación para que se instale ese elevador, ese ascensor na antiga aula da Vendanova en San Xurxo.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Completamente a favor da instalación deste elevador, deste proxecto que se empezou fai uns cuantos anos, cedido a AFAGA e atención a persoas con alzheimer e distintas necesidades, creemos que é positivo tanto para a cidadanía como para este concello en xeral.

Sr. Guerra García: A nosa posición é totalmente a favor de este proxecto simplemente quero deixar un chamado de atención sobre o tema da seguridade tal como falei na comisión sobre o uso da planta superior por persoas usuarias de ese centro a efectos de determinados riscos se así acontece.

Sra. González Luis: Dicirlle ao señor Santiago que considerase vostede capaz de xulgar a señora Alcaldesa porque di que ela está opinando e xulgado os votos do Partido Popular, sen embargo atrevese vostede a xulgar as caras e as expresións que poñemos nós ante os seus comentarios, senón podemos opinar sobre os votos si podemos opinar sobre as caras e sobre os xestos dos demais?

O ascensor é unha medida que serve para acceder, non ten nada que ver con unha medida de seguridade, evidentemente terá que cumprir coas medidas de resistencia ao fogo que xa veñen recollidas no proxecto e en caso de incendio terán que ser as escaleiras o medio de

evacuación como en calquera edificio. Esta segunda planta, de todos modos e aínda que ten que garantir como deben garantir todos os edificios municipais a accesibilidade, está centrada non tanto na atención dos usuarios senón que ten dous despachos que a intención é que en algún momento poidan estar utilizados pola psicóloga para que poida atender aquelas dúbidas, atender as familiar e logo un espazo diáfano que ten carácter formativo, que está separado por unha porta de madeira que permite separar dúas aulas ou deixar unha. Nós queremos que cando algún familiar ou alguén teña que falar de maneira discreta con unha psicóloga poida facela e na planta de abaixo o espazo non da porque o espazo é unha aula diáfana que está pensada para a intervención cos grupos. Pensamos que o edificio cumpre as medidas de seguridade e que isto non debería ser un inconveniente. Aproveito este tempo neste pleno que traemos tamén dúas mocións sobre o 25N que falaremos a continuación, sobre a igualdade e que estamos falando agora deste edificio cedido a AFAGA para recoller datos que nos chegaron hoxe desta asociación dos resultados que tiveron as charlas sobre o alzheimer e outras demencias nas parroquias, ás que asistiron un total de 141 persoas repartidas en todas as charlas, dentro de ese dato o 71% foron mulleres e un 29% foron homes. Gustaríame aproveitar este medio para animar aos homes para que participen neste tipo de actividades de prevención e para que se informen as cuidadoras non so poden seguir sendo as mulleres, os homes teñen que implicarse e nestas charlas a maior parte da asistencia era de persoas que son cuidadoras ou teñen familiares con este tipo de demencia, animar aos homes a que asistan porque é moi importante que se impliquen e que os cuidados de persoas tanto ascendentes como descendentes sexa compartida e agradecer a todos os asistentes.

Sra. Alcaldesa: Recordarlle ao portavoz do PP, Santiago Rodríguez, que por este pleno cobra e polo tanto hai que traer as tarefas feitiñas dende o primeiro momento, ao igual que as Comisións, ademais de elo non se é Concelleiro a tempo parcial, se é Concelleiro durante o traballo, no traballo outras compartimos responsabilidades de goberno estando traballando, 24 horas se representa aos veciños Santi que te esqueches.

A posta en marcha deste centro é de esas cousas que todos e todas nos debemos sentir orgullosos, atención ás nosas persoas maiores, posto en marcha no 2020, remate da primeira planta para a atención as familias e seguir implementando este servizo que tivo grande acollida será en breve cando rematen as tarefas do obradoiro e agora esta terceira fase teño que dicirvos que a Deputación xa aprobou esta subvención do elevador, así que o cen por do Centro de enfermidades neurodexenerativas AFAGA estará listo en breve para o servizo de toda a veciñanza.

Propoño a este pleno a ratificación do apartado 1º da Resolución núm. 2024-1261 que literalmente di:

PRIMIEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Instalación de elevador na antiga casa – escola da Vendanova (Fase III)”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 25.09.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 24.527,57€ (IVE do 21% incluído), o IVE a 4.256,85€ e o presuposto sen IVE a 20.270,72€ e ascendendo os honorarios técnicos a 3.025,00€.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos



TRECE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte

RATIFICAR o apartado 1º da Resolución núm. 2024-1261 que literalmente di:

PRIMIEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Instalación de elevador na antiga casa – escola da Vendanova (Fase III)”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 25.09.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 24.527,57€ (IVE do 21% incluído), o IVE a 4.256,85€ e o presuposto sen IVE a 20.270,72€ e ascendendo os honorarios técnicos a 3.025,00€.

Expediente 2010/2024. Ratificación do apartado 1º da Resolución núm. 2024-1262 de aprobación de proxecto de “Mellora de vias municipais en Santa María de Salceda, Parderrubias e San Xurxo”.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Este proxecto de mellora de vias municipais nestas tres parroquias de Santa María, San Xurxo e Parderrubias está dentro do solicitado do máis Provincia 2024 na liña 1 de investimentos, apostamos pola mellora de varios viarios municipais, que sofren pequenas defectos por paso de camións, choivas, deterioros en algunha zonas e serán reparados dentro de este plan. Contan con un orzamento de 48.232,29€, conta con informe técnico favorable e informe tamén de secretaría sobre a lexislación e o procedemento a aplicar e como dicíamos antes, foi solicitada á Deputación de Pontevedra e concedida a subvención e faise necesario ratificar nesta sesión a aprobación de ese proxecto. As intervencións nes viarios públicos serán en sete lugares, o primeiro a estrada dos Agoeiros en Santa María, Casas en San Xurxo por detrás da Cámara Agraria, Casas en San Xurxo tamén dirección Maceira, Pedrabuxiña en Parderrubias, a Pillosa en Parderrubias e varias zanza incluída a do Agro en Parderrubias de saneamento que están pendentes de asfaltar, incluso hai algunhas zanzas dalgunhas traídas que nos pediron colaboración e que tamén están pendentes de asfalto e tamén van neste proxectiño un paso elevado na zona da Gándara unha demanda dende hai moito tempo dos veciños daquela zona, unha vez que saen de Salvaterra PO-510 cara ao centro da Vila, a saída do parque cara ao campo da Gándara vólvese unha actividade de risco ao cruzar o vial municipal pola velocidade que alcanzan os vehículos nesa zona en reiteradas ocasións os veciños e presidentes de diferentes comunidades viñeron a falar comigo e agora si se vai a levar a cabo este paso de peóns elevado entre o campo de fútbol A Gándara e o Parque. Todas estas solicitudes de pequenos arranxos proveñen sempre de peticións veciñais moitas delas consultadas coas asociacións veciñais como poden ser as de Parderrubias que na última xuntanza que tivemos hai quince días coa Asociación Veciñal Santo Tome así lles foron trasladadas.

Sr. Rodríguez Davila: Se nos trae un proxecto onde contempla varias actuacións non moi grandes en diferentes puntos do Concello polo tanto nos obriga a votar nunha única votación cuestións diferentes en ámbitos diferentes onde podemos estar de acordo con unhas e con outras non tanto, pero o Goberno así o decide traer a este pleno e polo tanto nos obriga a posicionarnos si estamos de acordo con todo o que se pretende aprobar aquí, si estamos en



contra de todo ou si pola contra nos abstemos porque discrepamos con cuestións, primeiro principalmente porque son melloras, ao noso entender, moi mellorables e incompletas e en segundo lugar, porque vemos unha vez máis a intención clarísima do goberno de non superar o límite legal dos 40.000€ para adxudicar a dedo, outro dedazo señora Alcaldesa, que casualidade que sempre aparecen por alí as persoas que habitualmente fan os traballos para o Concello e o certo e que xa non reparan absolutamente en nada e isto é, señores do PSOE e BNG, unha proba máis unha vez máis e un proxecto máis do incumprimento reiterado do que vostedes asinaron para vostedes facela Alcaldesa, para que os señores de Movemento Salceda xestionen ao seu antollo o Concello co beneplácito de vostedes, isto vai ser a tónica habitual porque o certo e verdade e que hai que recordarllo porque si son goberno é porque vostedes así o decidiron loxicamente respectable, democrático, legal non vaia ser que logo a Alcaldesa volva outra vez a terxiversar o que un opina como fai con todo e en cada momento e así o demostrou no día de hoxe, en outros plenos, etc... Polo tanto o noso grupo vendo este proxecto, estamos de acordo loxicamente en ampliar a rede de saneamento, estamos a falar do conector da Noveleira onde se di claramente que é para unha vivenda onde alí hai máis vivendas que se poden beneficiar de ese colector pero non se contempla o ramal para esas outras vivendas que quedan sen servizo de saneamento e que posteriormente terán que facer eles as obras para enganchar. O certo é que unha vez máis aquí, ao igual que en Pedrabuxiña a uns veciños, reitero nada en contra de estes veciños todo o contrario porque logo xa estou vendo os señores de Movemento Salceda o que vou a dicir porque sempre terxiversan, sempre manipulan o que un decide na votación argumentando o motivo, polo tanto todos os veciños teñen dereito é máis, é unha obriga do Concello prestarlle o servizo de saneamento, pero o Goberno este, o anterior e o anterior decidía facerlle a uns si e a outros non, a uns obrigábanlle a pagar, a outros no e isto é unha proba manifesta de que así é, mentres alí moi pretiño da Noveleira un veciño fai anos tivo que pagar máis de 2.500€ para que o Concello lle axudase a ter saneamento, estes outros veciños non van a pagar nin un euro, que me alegro por eles, estamos de acordo niso, para que poidan ter saneamento entón esa vara de medir do goberno actual e do goberno anterior queda unha vez máis retractado porque a uns si e a outros non. En Casás nese proxecto non se contempla ningunha cuneta que recolla as augas pluviais, polo tanto asfaltando todo o ancho desa estrada cando chova vai ir todo pola estrada como tantos outros lugares onde non se contempla nese proxecto as recollidas de augas. En Pedrabuxiña xa dixen o mesmo respecto do saneamento e na Pillosa se trae un proxecto incompleto, mellor dito, un mini proxecto dentro do proxecto que estamos a debater no día de hoxe, non lle dan saída a esa estrada simple e llanamente melloran o asfalto que existe ata onde está e logo se asfalta onde non está asfaltado pero non lle dan continuidade, non lle dan saída a esa pista municipal conectando coa outra pola parte superior que si está asfaltada polo tanto está incompleto ao noso entender. Polo tanto, o noso voto con toda a boa intención, no sentido de que non podemos apoiar proxectos incompletos, non podemos apoiar cuestións onde se fan remendos moi mellorables e onde non se contemple todos e cada un do manifestado: recollida de augas, máis colectores onde hai máis casas e tamén darlle saída a esa pista na Pillosa, si nós votamos a favor disto é que estamos de acordo ao cen por cen con isto e nós non estamos ao cen por cen porque este proxecto é moi mellorable e isto pasa, señores do goberno, por non trasladar aos grupos a súa intención de facer este proxecto e seguro que cada un de nós con toda a boa intención lles diríamos onde é mellorable ese proxecto e estaríamos noutro contexto neste pleno votando todos unanimemente en beneficio de todo e cada un dos veciños e non dicíndolle a vostedes as carencias de este proxecto.



Sr. Gregorio Vaqueiro: Proxecto extenso con moitas obras pequenas, é difícil saber si todas as obras están completas, eu creo que neste tipo de cousas como o de antes cos micropaisaxes habería que reunirse cos colectivos sociais, veciñais e a parte cos grupos, sería un pouquiño máis produtivos que ter que estudar así unha proposta pecha.

Sr. Guerra García: Tal vez que sexan varias obra e incompletas teña que ver efectivamente con limitar o prezo, nós pola información que temos algunhas destas actuacións é a pedido persoal cousa que tamén criticamos totalmente. Eu lémbrolle unha cousa, ven da historia de Roma, como co César non se podían meter porque era intocable pois falaban da muller a efectos de imaxe pública e dicían o que sabemos todos “A parte de ser honrada ten que parecelo”, entendemos que isto non é un xeito honesto dende un punto de vista dun goberno que se di progresista de actuar, non o é. Está a subvención solicitada, concedida, pero nós non a vamos apoiar porque damos palabra, damos compromiso que en caso como este nas próximas ocasións nós non nos poremos sequera de perfil, votaremos en contra porque non é xeito de traballar. Hai que mudar determinadas cousas, vostede o sabe, os seus compañeiros e compañeiras de goberno o saben, non poden traernos aquí cousas feitas e logo non nos atrevamos a cuestionar que aquela persoa, aquel lugar e etc... non se lle fagan eses cometidos que aquí se poñen porque é fácil por calquera manipular as necesidades da xente. Dito isto, nós imos a abstermos co compromiso firme de que proxectos que veñan como este redondeados para evitar precisamente ir a unha licitación pública, nós imos votar en contra.

Sra. Alcaldesa: Empezando por Salustiano, xa me estraña e me chama a atención, por que precisamente varios destes proxectos foron plantexados como dicía antes pola Asociación Veciñal Santo Tomé de Parderrubias da que forma parte da directiva un membro do BNG non mostrou máis que satisfacción por acometer estas obras. Estráñame que agora diga que se traballa de xeito escuro, me fai graza tamén que diga que se traen estes proxectos por esta contía para que sexa un contrato menor, eu pregúntolle tanto a vostede como ao PP, Santi, que afirmou o mesmo, si hai algo que sexa ilegal ou algún incumprimento, eu convídoos tanto a Salustiano como a Santi que vaian da man e que denuncien si hai algo neste tipo de contratos que non reúnan as condicións da Lei de Contratos. Teño que dicir, supoño que Santiago fala por descoñecemento, que é a Deputación quen obriga a agrupar ese tipo de proxectos, non é esta Alcaldesa, non trae estes proxectos ao pleno de maneira conxunta para que se voten de maneira conxunta, é a propia Deputación quen obriga a agrupalos. Gustaríame preguntarlle ao PP cal destas sete actuacións, cal é a que non está a favor, cal é a que non está do seu gusto independentemente de que poden aspirar a facela maior a ampliar, evidentemente se tiveramos financiamento suficiente seguramente seríamos nós os primeiros en acometer obras máis ambiciosas pero asegúrolle que estas dan cumprimento as peticións veciñais, algunhas delas individuais por suposto como moitos dos veciños que se achegan a min e me fan peticións individuais e eu as atendo.

Sr. Rodríguez Davila: Unha mostra máis na súa intervención de retorcer o que un quere manifestar. Vostede cree que nós lle podemos consentir e aplaudirlle e facerlle a ola a todo o que vostedes traen a este pleno por que si? Porque o di vostede? Non se pode discrepar dun proxecto que é claramente mellorable e iso significa que estamos en contra de mellorar esas zonas? Por suposto que no, quen dixo iso? O dixo vostede, nin eu nin o compañeiro



Salustiano. Non é mellorable este proxecto? Ou é que en Casas non é necesario esas cunetas nesa pequena obra? Ou que non é necesario meter máis colectores en Noveleira para atender todas esas casas e non só unha casa, ou é que en Parderrubias na Pillosa non é moi mellorable ese proxecto? Por iso temos que votar a favor si ou si, aplaudirille e facerlle a ola, non podemos discrepar e non podemos poñer enriba da mesa cuestións de proxectos onde coxean flagrantemente e onde estaría moi ben recoller esas melloras. Si vostede, como se dixo aquí por outros compañeiros de Corporación, primeiro falara cos colectivos que amosasen o proxecto que estean de acordo en mellorar esa zona, vostede cree que un colectivo de Parderrubias ou un veciño de calquera unha destas zonas estaría de acordo con este proxecto si lle explicamos que non van as cunetas recollidas en Casas ou o saneamento completo na Noveleira ou o ramal completo na Pillosa. Nós estamos de acordo en mellorar todo e canto sexa preciso en calquera punto do Concello, pero iso non significa que teñamos que apoiar a cegas cuestións onde é moi mellorable. Eu aquí hoxe, en nome do grupo maioritario argumentei o porqué non podemos votar a favor deste proxecto, porque estou seguro de que cando llo expliquemos a todos os veciños estarán de acordo co noso posicionamento porque iso non vai impedir que se fagan as obras, e iso non vai a impedir tampouco que non se atendan peticións por parte de Deputación desta subvención, pero iso é un toque de atención nas dúas cuestións que dixen antes, primeiro por proxectos incompletos sen compartilos con ninguén e en segundo lugar pola intencionalidade manifesta de vostedes de non superar os 40.000€ para adxudicar a dedo o contrato e polo tanto se foxe en contrato de licitación pública aberta poderían outras empresas a ser beneficiarias de ese contrato e por suposto seguramente mellor prezo respecto de aforro económico.

Sr. Guerra García: Eu non pregunto simplemente digo non nos tome por parvos.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por 4 VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e NOVE ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), PSdeG-PSOE(2) E Grupo Mixto-BNG (1), adoptando o seguinte

Ratificar o apartado 1º da Resolución núm. 2024-1262 que literalmente di:

PRIMIEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Mellora de viaismunicipais en Santa María de Salceda, Parderrubias e San Xurxo” redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 24.09.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.232,29€ (IVE do 21% incluído), o IVE a 8.370,89€ e o presuposto sen IVE a 39.861,40€, sendo o importe dos honorarios de redacción do proxecto, dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde de 2.837,19€ (IVE incluído).

Moción do grupo mixto-BNG para o rexeitamento da suba do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0



Sr. Guerra García: Facemos esta proposición para o rexeitamento da suba do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión de residuos seguinte:

“O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico golpe económico e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.

No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, o presidente da Xunta Sr. Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros portonelada).

E agora anuncia un novo golpe á taxa para 2025, que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).

Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Aínda que a Xunta procure excusas e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptalo ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e



anticolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo atraco aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións.

A nova taxa anunciada para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- *Rexeitamento aos golpes das novas taxas de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.*
- *Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e anticolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración*
- *Solicitar a creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 - antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria."*

Queremos aclarar primeiro: no 2018 a Unión Europea saca unha directiva sobre residuos, nese directiva a opción que plantexa a UE é ir retirando a incineración e ir cara a novos modelos de xestión que precisamente se aloxan do significa SOGAMA, establece ademais penalizacións para determinados tipos de tratamentos do lixo entre os que se encaixa precisamente o sistema SOGAMA. O sistema SOGAMA, por si alguén o descoñece, non é nin máis nin menos que producir toda a electricidade que poida porque o 49% do capital da sociedade pertence á antiga FENOSA hoxe NATURGY para producir electricidade. Resulta que no 2022 o Estado Español xa apercibido pola UE de que non tiña trasladado á lexislación estatal esa directiva marco, saca unha nova Lei de residuos que establece penalizacións para aqueles sistemas de tratamentos de lixo que non vaian en concordancia co exposto coa directiva da UE, e lembremos que as directivas da UE precisamente saen de quen dirixe, non do Parlamento pero de quen dirixe a UE, onde casualmente o PP Europeo, homólogo do Estado Español, leva anos tendo maioría. Dicímolo por si alguén entende que na UE hai unha serie de xente que se dedica non sei que e toman acordos de non sei cal, todo ten unha cabeza visible en canto a que organismos ou que decisións se toman en que organismos.

A Lei estatal de residuos de 2022 establece que para o 2025 os Concellos teñen que aprobar unha taxa de residuos que cubra os custos de tratamento e de recollida, na medida en que o Goberno Galego non se apea do sistema SOGAMA, aínda se pretende culpar aos demais de non ter avanzado porque o proxecto SOGAMA inaugurouno Manuel Fraga, dende aquelas os



obxectivos de reciclaxe non se cumpriron nunca nin se están cumprindo neste momento a pesar da cantidade de normas que teñen saído, tanto da UE trasladadas logo ao ámbito lexislativo do Estado Español para camiñar para sistemas de tratamentos de lixo bastantes máis acordes cos tempos actuais. Non se ten modificado nada, o que pretende a Xunta de Galicia é trasladar aos Concellos unha carga que SOGAMA vai recoller para logo ingresar ao mesmo tempo, ao ser un taxa fiscal, na propia caixa da Xunta de Galicia, de verdade que isto é un despropósito que necesita unha contestación. Creemos, que de todos os Concellos afectados que son a maior parte de Galicia porque hai poucos Concellos que tiveron a sorte de poder optar a programas alternativos e necesita unha contestación porque o PP o que non pode é non facer nada para mudar a situación o sistema SOGAMA que tanto se leva contestado nestes 25 anos de existencia e agora que chegan obrigas de Europa para mudar o sistema, xa estamos falando de directivas do ano 2018 e vamos a falar agora dos canons do ano 2025 e resulta que o PPponse de perfil e di que eles non teñen culpa de nada, dende logo creemos que esta Corporación Municipal debe apoiar esta proposición en contra do plan de SOGAMA e así o pedimos.

Sr. Rodríguez Davila: Votos a favor do Sr. Sánchez para a súa investidura, BNG, señor Salustiano, vostede sabe ao igual que eu que isto é unha Lei estatal e vostede na súa intervención o 99% do seu tempo, é normal no BNG, sinala única e exclusivamente á Xunta de Galicia pero resulta que vostedes en Madrid apoian ao señor Sánchez, entón cando pasan da Canda para acá mudan o sentido do voto dependendo en que cousas, moi dóciles en Madrid e moi feroces en Santiago. Segundo vostedes eran todos números vermellos en SOGAMA e por iso segundo vostedes teñen que incrementar este taxazo, vaia por diante que nós estamos en contra del porque é unha imposición dunha lei estatal e non ao 100% dunha transición dunha normativa europea, que aí xa entramos en cuestións xurídicas. Como digo, segundo vostedes a Xunta de Galicia ten que poñer este taxazo cando é o Estado Español quen o pon a través da Lei 7/2022 de Residuos e de solos contaminantes do 8 de abril. Si fose tal mal, como é que nos últimos anos había unha bonificación do 10% para os Concello que puxesen en marcha programas de reciclaxe e polo tanto pagarían un 10% menos a SOGAMA? pero había que trasladar esa rebaixa do 10% no recibo do lixo aos veciños deses Concellos, si tal mala é SOGAMA porqué 295 Concellos dos 313 de Galicia están adheridos a SOGAMA? Si tan mala é SOGAMA porque 94% dos Concellos están adheridos? Porque vostedes, onde gobernan, non fan un plan alternativo a SOGAMA como fan outras comarcas de Coruña ou do Barbanza? E que claro, aí xa están pagando a 150€ a tonelada non o que están pagando os demais Concellos a SOGAMA, é dicir, que os 94% dos Concellos onde hai de todos os cores gobernando, si é tan nefasto porque non se unen todos os gobernos de esquerdas progresistas e defensores do medio ambiente e crean un ente para poder xestionar os residuos como si o hai nesas zonas concretas de Galicia? De 313 só hai eses 19 que están en outro plan alternativo a SOGAMA. Si tan malo era SOGAMA que fixeron vostedes, o bipartito na Xunta de Galicia entre os anos 2005 e 2009 respecto de SOGAMA? Eliminaron, derogaron, exterminaron a SOGAMA ou pola contra SOGAMA seguiu funcionando e segue funcionando?

Señor Salustiano, nós estamos en contra do decretazo que vai supoñer un incremento importante para os concellos e en consecuencia para os veciños respecto do canon que hai que pagar para manter, soste o tema de reciclaxe e recollida de lixo e do tratamento do lixo dos residuos sólidos urbanos pero, mire vostede que quen o obriga é o Goberno do Estado, e a Xunta de Galicia como vostede sabe o 60% para este ano o asume e o ano pasado que xa



entrou en vigor ese decretazo SOGAMA fíxolle fronte ao 100% e non trasladou esa suba a ningún concello porqué? Porque había un remanente en caixa de SOGAMA e puido facer fronte a ese incremento de 30.000.000€ pero loxicamente para o ano seguinte é imposible sostible e loxicamente hai que tomar medidas aínda que non guste.

A Xunta de Galicia presentou recurso á tramitación desta Lei, non sei si o BNG presentou algún recurso, podemos si quere entrar a transacionar a moción, poñernos de acordo en que o Goberno do Estado saque ou modifique a Lei estatal que obriga, non a Galicia senón tamén a outras Comunidade a incrementar os custes polo tratamento dos residuos sólidos urbanos e metemos tamén que a Xunta elimine ese incremento e unha vez que o Estado elimine a obriga que lle impón a SOGAMA e polo tanto todos contentos, beneficiamos aos veciños, beneficiamos ao Concello, beneficiamos a entidade pública SOGAMA e lle dicimos ao Goberno do Estado que faga como outros Estados membros da UE, como Alemaña, Finlandia, Suecia que a día de hoxe non trasladaron e non traspuxeron esa normativa europea.

Sr. Troncoso Estévez: Nós neste punto vamos a votar a favor da proposta presentada polo Grupo mixto, creemos que un incremento dun 60% no canon de SOGAMA é máis que excesivo, a todos os datos que aportou Salustiano vou aportar algúns datos relativos a Salceda: no 2023 a facturación de SOGAMA ao noso Concello pola xestión dos residuos urbanos foi de 170.098€, neste 2024 hai unha estimación que será entorno aos 202.000€, aproximadamente, e coa aplicación do novo canon que se aplicará o próximo ano estimamos nuns 282.000€, pasamos do 2023 de 18€ por habitante ao próximo ano que será uns 30€ por habitante, estamos case duplicando este canon. A Xunta deriva toda a responsabilidade no Goberno Central que hai unha serie de medidas que se tomaron como unha subida de impostos, retirada da retribución á planta termoeléctrica, eles din este tipo de excusas que nós consideramos máis que é consecuencia de un traballo mal feito. O problema é o modelo SOGAMA, non os impostos que os están gravando, o modelo SOGAMA que se basea no que é a incineración e o vertido, é un sistema centralizado, moi pouco eficiente, moi pouco sostible e ten unha taxa de reciclaxe que está por debaixo da media europea, a tendencia na normativa tira cara a unha economía circular, unha economía de prevención da xeración do residuo, temos sobre todo neste caso dúas directivas que son referentes para o noso Concello, unha directiva Europea e a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados, é importante terminar a frase porque dí: para unha economía circular, estas novas directivas no que se ampara é que o que contamina paga. Hai unha xerarquía que se establece dentro dos residuos e que debe ser primeiro primar a prevención dos residuos, hai que incentivar que non se xeren os residuos cambiar o modelo de consumo. O segunda dos eslavóns sería a preparación para a reutilización, todo residuo que é xerado debería ser potencialmente reutilizado e o terceiro eslavón da xerarquía é o reciclado. Cando non serve para reutilizarse se intentará que se poida reciclar e aproveitar o material e o ultimo eslavón son a valoración, a valorización e a eliminación que son precisamente o que escolle o modelo SOGAMA, valorización e eliminación que son precisamente os que están máis cargados de gravame porque temos que limitar a valorización e a eliminación en vertedoiros, que cada vez hai menos e ir cara a esa xerarquía máis por arriba que é a prevención.

Resumindo, SOGAMA debe facer unha reflexión profunda do seu modelo de xestión de residuos, hai que promocionar a separación en orixe, tamén debemos facer unha reflexión



como cidadáns no tipo de consumo que queremos realizar, que tipo de consumo facer, un consumo moito máis ético e máis apropiado aos tempos nos que estamos. A Xunta debe investir en un maior número de plantas de reciclaxe dar unha oportunidade aos residuos para que poidan ter unha segunda vida iso que falabamos da economía circular que sempre que se poida cerrar o círculo, que non se xeren os residuos senón que se convertan en produtos que poidan volver a entrar na cadea e dende logo tamén hai deberes para as Entidades Locais como debe ser apostar por alternativas a esta xestión como por exemplo a compostaxe. Nós en Salceda apostamos pola compostaxe, temos cinco illas de compostaxe comunitarias no centro que oxalá puideramos seguir ampliando e seguir potenciando este modelo de xestión de residuos urbanos e tamén potenciamos a compostaxe doméstica. Este ano se deron entorn a 20 composteiros á xente que nolo solicita. Estes datos que demos e que vemos como se dispara o que é a factura da xestión dos residuos no noso Concello. Aproveito para adiantar que seguramente fagamos un pleno extraordinario para a subida da taxa do lixo, unha taxa que non nos gustaría ter que subir pero como ben indica a lei a xestión dos residuos se ten que trasladar integramente a veciñanza, ten que ser un servizo que se costee polos veciños e non sexa bonificado.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Non vou repetir o que dixeron os compañeiros simplemente teño aquí unha declaración da Federación Española de Municipios e Provincia presidida polo Partido Popular onde simplemente fai un cuestionamento na maneira na que se vai a aplicar a taxa non na taxa en si, dicindo “La ley no contiene la regulación básica de los elementos de la tasa dejando en manos de toda la heterogénea de tipología municipal supranacional la aplicación de todos los elementos del tributo” non inclúen metodoloxía, criterios homoxéneos continúa “y la aplicación de la Lei de residuos va a provocar una serie de disparidades y situaciones para los ciudadanos según en la localidad en que residan dependiendo del sistema elegido por el municipio al aprobar el pago por generación a la contía de la taxa impuesta variará de forma sensible” é dicir evidentemente non vamos a negar que é unha lei do Estado pero o modelo incineración é o que intentan eliminar a Unión Europea, entón toda a culpa o Goberno do Estado tampouco a terá.

Sr. Guerra García: Lembrar uns datos para que o señor Davila tome note porque falar a estas alturas do que fixo o bipartito en catro anos cando SOGAMA se constituía no 1992 e entre o 92 e o 2024 só houbo catro anos que non houbo goberno do PP, é moito pedir. Polo menos dende o noso grupo podemos por de exemplo o traballo feito na Deputación de Pontevedra entre o ano 2015 e o ano 2023 en canto a posta en marcha do proceso de compostaxe de moitísimos Concellos pequenos. A directiva da Unión Europea que ademais foi ratificada polo Parlamento, modificou unha directiva anterior do 2008 e é de obrigado cumprimento porque no 2020 a Comisión advertiu ao Estado Español de que non estaba cumprindo cos obxectivos mínimos de reciclaxe establecidos nesa directiva. Indubidablemente si se está en Europa estase e si non se está, non se está, o que non podemos é estar en Europa para o que nos interese e que si noutros sitios non o desenvolven nós tampouco, é o que me estaba dicindo os señor voceiro do PP, é difícil sobre todo en Concellos de tamaño pequeno como temos no país falar de alternativas a SOGAMA é unha quimera se iso non está conducido dende o Goberno Galego que ten moitísimas competencias en materia de residuos sólidos urbanos e pensar que Concellos pequenos de 8, de 6, de 10.000 habitantes cunhas economías moi axustadas cando non endebedados poidan realmente pensar en dar un salto alternativo eso é dicir que traguen.



Nós seguimos estando en contra do modelo SOGAMA como sempre estivemos, esperamos ter a oportunidade algún día que o Goberno Galego mude de mans e poder demostrar que en esta materia se poden facer bastantes máis cousas das que se fixeron ata agora.

Sr. Rodríguez Davila: Loxicamente como todo é mellorable, pero o certo é que é o sistema que hai, que temos e nos demos os galegos a través dos seus gobernos nos últimos 30 e pico de anos. Insisto, si vostedes tiveran a vontade real de eliminar SOGAMA tiveron catro anos para derogala e buscar unha alternativa ao respecto, como puxeron en marcha na Deputación a compostaxe e que o goberno actual segue apostando, e que nós estamos de acordo pero que iso é compatible. Unha cousa é predicar e outra cousa é dar exemplo e cumprir coas obrigas de cada un, de cada responsable de área e de cada Alcalde/Alcaldesa nesa cuestión.

Dixo o señor Concelleiro que se repartiron 20 composteiros, exactamente 20 composteiros e algúns máis anteriormente, comprounos o Concello, todos, e os anteriores e os anteriores?. Señor do Partido Socialista, agradézolle a súa sinceridade que é unha lei estatal e loxicamente a teñen que aplicar as autonomías. Vostedes durante o bipartito tiñan a responsabilidade da Consellería de medio ambiente, os responsables de SOGAMA e insisto, non se fixo nada ao respecto para derogalo ou buscar unha alternativa en catro anos. Si o PP goberna en Galicia será porque a xente confía para que siga xestionando os intereses dos galegos, será que confían no sentidiño no que funciona aínda que como ben di o Presidente, todo é mellorable na vida e é de ser humilde recoñecer os erros e modificar e mellorar as cousas que haxa que mellorar. Señores da esquerda, simplemente recordarlles cousas certas e contundentes, vostedes están en contra das eólicas, dos muíños nos montes pero queren enerxía renovable, vostedes están en contra da industria pero queren emprego, vostedes están a favor da pedra nas obras pero resulta que están en contra das canteiras, vostedes queren comunicacións viarias pero resultan que non queren que as autovía e autoestradas fagan un navallazo nas montañas, entón todo non se pode ou se está con unha cousas ou con outra. Acabo de mandarlle unha foto ao grupo de portavoces de fai uns días do que o noso goberno de Salceda alenta a reciclaxe, contedores a tope de toda materia mixturados en diferentes contedores, cartón con plástico, plástico con cartón, residuos urbanos etc... é moi fácil predicar, alardear pero logo a realidade do día a día non se controla ao 100%. Deberíamos empezar por facer os deberes na casa para logo esixirille aos demais.

Nós estamos en contra do taxazo do lixo imposto polo Goberno de España, si vostede acepta a transacción da moción nos votamos a favor que o Goberno do Estado retire a obrigatoriedade do taxazo nos residuos sólidos urbanos que a Xunta de Galicia, unha vez que o Estado acepte, o retire de SOGAMA e todos tan contentos. O Goberno de esquerdas de Salceda dos últimos anos en este pleno votou en contra da bonificación do 10% do recibo do lixo aos veciños en dúas ocasións, vostedes en contra de rebaixarlle o recibo ao veciños ao 10% cando tiñan a oportunidade de facelo a través de SOGAMA, polo tanto leccións cero.

Sra. Alcaldesa: A fotografía que nos acaba de mandar o portavoz do PP, Santiago Rodríguez, ao grupo de portavocías é a illa que está situada aquí ao carón do Concello e fora da illa hai tres contedores máis un azul e dous verdes e todos eles cheos de cartón, efectivamente porque era mércores e os mércores estes contedores se espallan polo mercado e cando



remata o mercado a xente dos postos pon nestes contedores que non para reciclaxe que logo se acumula o cartón abaixo para que veña Coregal a collelo, deposita o seu cartón, non é que se estea facendo mal, esa é a explicación pero o señor Santiago Rodríguez ten pouco coñecemento do funcionamento da reciclaxe nesta Vila e menos en día de mercado como é os mércores. Convíddolle a todos que o vexan o que acontece todos os mércores unha vez remate o mercado a ver si quen minte é esta Alcaldesa ou quen está enganando é o señor Santiago Rodríguez.

Sr. Troncoso Estévez: Tamén puideches traer fotos dos mércores pola tarde cando os locais comerciais deixan o cartón diante da súa porta e dicir que é o que nos promocionamos. Nós o que estamos criticando é o modelo SOGAMA que é un modelo que vai totalmente en contra dos principios da Unión Europea a cal pertencemos e que estamos a anos luz de países nórdicos e países como Alemaña, países escandinavos, non podemos apostar hoxe en día a 2025 pola incineración, temos que ir un pasiño máis alá, é normal que se graven este tipo de opcións como é a incineración ou vertido e se potencien outros como é a reciclaxe ou a reutilización.

Sr. Guerra García: O señor Davila falaba de transposición para aprobala e que as posicións son encontradas, vostedes falan simplemente da taxa que ven imposta por unha lei estatal e nós falamos non só desa taxa senón do modelo SOGAMA que é o que xera agora esa taxa a partir da Lei de residuos do 22, e esa taxa ímola pagar todos e que o PP non está disposto a descabalgarse do modelo SOGAMA porque o público temos o 51% de capital pero quen manda e NATURGY que ten o 49%.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por 7 VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2)e Grupo Mixto-BNG (1) e SEIS VOTOS EN CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptando o seguinte

ACORDO:

- Rexeitamento aos golpes das novas taxas de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para que a Xunta de Galiza pretende aprobar.
- Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración
- Solicitar a creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 - antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - en debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

Moción do grupo mixto-BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á



necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Guerra García: Dou lectura da moción relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista, seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia machista é o problema máis importante que afecta a vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologala a calquera violencia que impulsan as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. Fronte a efemérides e datas sinaladas que se converten en rituais e baleiras de contido, a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

Desde que se deu inicio ás estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza, unha cifra que temos que ser conscientes de que é incompleta pola limitación ao longo do tempo dos catogoremados dos feminicidios e pola invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas. No que vai de 2024, o feminismo galego convocounos ás rúas para mobilizarnos xa contra tres feminicidios. En outubro o terrorismo machista acabou coa vida de Fadoua Akkar, asasinato que deixa tamén unha vítima de violencia vicaria, unha crianza de 13 anos; en agosto saímos as rúas ante o feminicidio de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos e en marzo contra o asasinato de Andrea Yturry Alave, de 25 anos, que deixaba tamén unha crianza.

É incuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto no noso país. No que vai de 2024 xa acadamos a mesma cifra de feminicidios que no ano 2023. Os feminicidios son a consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano enteiro deixa máis de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, do que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (un20%).

Ante esta situación observamos con preocupación como as cifras se asumen cada vez máis como parte do día a día, normalizándose no lugar de escandalizar. A isto contribúen os discursos que negan e banalizan, máis tamén aqueles que procuran situar a violencia machista como algo individual ou inevitable, cando existe unha responsabilidade colectiva, **institucional e social**, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres.

É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios. Galiza conta cunha lei pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe medidas



integrals para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se cumpren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.

Un destes aspectos é o da atención psicolóxica, absolutamente fundamental para que as vítimas poidan romper coa espiral de violencia e para que se recuperen. Desde hai dezasete anos a lexislación contempla que este servizo se preste de maneira integral e como parte da Atención Primaria. Porén, isto non é unha realidade e os programas de atención psicolóxica que se prestan a través da colaboración co Colexio de Psicoloxía ou a Fundación Meniños, sendo moi importantes e axudando a moitas mulleres, chegan apenas ao 20% das vítimas e teñen limitadas as súas sesións.

Outro aspecto fundamental para a loita contra a violencia machista é reforzar os recursos de proximidade, como son os Centros de Información á Muller, que se ben son de titularidade municipal, é a Xunta de Galiza quen delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións e contribúe ao seu financiamento. Malia ser unha demanda histórica do municipalismo e das traballadoras destes centros, a Xunta de Galiza segue sen abordar unha mellora do seu financiamento, a fixación de rateos mínima de persoal e a ampliación de categorías profesionais.

Finalmente, cómpre sinalar a preocupación ante importantes pasos atrás no simbólico e na articulación do sistema de protección ás vítimas que está a dar o goberno do Partido Popular. Despois da supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e de rebaixar o seu rango institucional, o goberno da Xunta avanza na privatización dos novos recursos aos que obriga o marco estatal de loita contra a violencia sexual malia transferírselle fondos europeos para a súa creación. Unha decisión intolerable, que vai precarizar a atención ás vítimas e ante a que só cabe sinalar que a violencia machista non é un negocio para seguir engordando os beneficios de empresas multiservizos.

Cada 25 de novembro debemos homenaxear ás miles de mulleres e de colectivos de mulleres grazas aos que a violencia machista está no centro do debate político e a única maneira de o facer é comprometernos con máis avances.

Por estes motivo a corporación municipal de Salceda de Caselas reafirma o seu compromiso na loita contra a violencia machista, rexeitando calquera discurso que banalice ou a negue así como calquera retroceso que elimine ou privatice recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e anima á veciñanza de Salceda de Caselas a secundar as mobilizacións do movemento feminista.

Por todo o exposto, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate esta proposición e solicita á corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:

- Aprobar e dotar nos orzamentos un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario, para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública, e dar



cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluirá, en colaboración co Colexio de Psicología de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.

- Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller, co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM, facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.
- rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual, garantindo a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.”

Sobre todo e especial fincapé neste último punto onde do Goberno do Estado a partir dunha ampliación da Lei de protección se van a crear centros de crises de 24 horas e que o Goberno Galego xa manifestou a súa intención de poñelos en mans privadas como tantas outras cousas.

Sra. Pérez Cabaleiro: O PP vai propoñer dúas cousas unha creo que vai ser rexeitada por Salustiano que é se elimina a exposición de motivos de que fusione simplemente as propostas de acordo deste punto co punto catorce ou senón que se poidan debater xuntas e votar por separado.

O Sr. Salustiano: Responde que no á petición anterior.

Sra. Alcaldesa: Podemos dar lectura a moción do PP e debatelas en conxunto.

Sra. Pérez Cabaleiro: di que esta de acordo e da lectura a moción seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociacións e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Nos últimos tempos, estanse a vivir momentos de profundas transformacións sociais, económicas e culturais arredor de todo o mundo. Este 25N quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das mulleres, loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas.



A través da coeducación quérense transformar as relacións entre mulleres e homes, para o cal é preciso superar a xerarquización de xénero, é dicir, o modelo social polo que dimensións ligadas ao poder e á esfera pública (como o traballo remunerado ou a política) asociábanse á masculinidade, mentres que outras facetas (como a atención á dependencia e os coidados en xeral) desenvoltas no ámbito privado, estiveron identificadas coas mulleres. O *I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia* foi elaborado co obxectivo de servir de referente a todos os centros de ensino para abordar a coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, e no que recoller de forma sistemática as medidas a desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas ao alumnado, profesorado e equipos de orientación.

Así mesmo, hai que ter en conta que o sistema educativo non pode asumir en exclusiva o labor da educación en valores de igualdade.

Ademais, tanto desde o ámbito educativo como desde outras áreas da Administración deberán ter continuidade as actividades formativas e de asesoramento en materia afectiva e sexual, para previr condutas de poder- submisión ou control sobre a parella, entre outras, e promover relacións respectuosas.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia:

- a) Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración enomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).
- b) Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.
- c) Fomentar a promoción da coeducación no conxunto da sociedade e nomeadamente do persoal da administración e comunidade educativa, a través de instrumentos de divulgación, ferramentas didácticas e estratexias de traballo enrede.

2. Instar ao concello de Salceda de Caselasa:

- a) Que o Concello, no marco das súas competencias:
 1. Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local.
 2. Incremente a colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.
 3. Provoma a adhesión dos locais de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas.”

Como dicía antes creo que o debate neste asunto é primordial e moi importante na



sociedade actual e que todos os grupos van ter as súas opinións pero na exposición de motivos nós non estamos de acordo, creo que o importante aquí é chegar a un acordo e propoñer a instar a todas as administracións competentes neste asunto a que promovan unha igualdade sobre todo que intenten acabar, neste caso, loitar contra a violencia de xénero e sobre todo de crear sociedades inclusivas. Creo que todos nós a nivel social, cultural o que estabamos aquí falando económico, social, cultural e sobre todo institucional de chegar acordos para erradicar así a violencia de xénero, creo que está nas mans de absolutamente todas as administracións locais, provinciais, autonómicas e estatais de acabar coa violencia de xénero. Creo que esta bancada sempre estivo acostumada a escoitar que a esquerda é a abandeirada de loitar pola igualdade, de loitar contra a violencia de xénero e logo os feitos, non hai máis que miralos día a día, son todo o contrario, non vexo que por ser de esquerdas se loite máis pola igualdade, se intenta erradicar así a violencia de xénero e tampouco se fai por parte da dereita, nós nunca fomos os abandeirados con palabras deste eido sen embargo si que o fomos sempre con feitos, este é un tema para debater pero todos deberíamos chegar a acordos e sobre todo unirmos para loitar así pola igualdade e así erradicar tamén a violencia de xénero.

Sra. González Luis: Creo que estamos ante dúas mocións que intentan abordar o mesmo tema, ambas relacionadas do 25 de Novembro que é o día internacional da eliminación contra a violencia machista, pero creo que están enfocadas de xeito diferente, a do PP é unha moción que baixo a miña interpretación está máis enfocada na prevención de este tipo de condutas, boto en falta a palabra machismo ao longo de esta moción, si que falan de violencia de xénero, e a moción do BNG aborda un pouco máis a atención as vítimas de violencia de xénero. Creo que ambas posición son importantes, é importante ter en conta a prevención, é fundamental e a loita na coeducación, pero tamén é importante tratar que facer cando existen os casos de violencia machista e non podemos negar a existencia deles entón tamén é moi importante falar e valorar sobre como tratalo. Utilízase a palabra de terrorismo machista que efectivamente creo que así é porque o número de vítimas da punta do iceberg destes feminicidios é abrumador, pero falamos da punta do iceberg, o machismo está en todas as institución máis ou menos abandeiradas, o machismo está presente en tódolos ámbitos e non debemos obviarlo e creo que recoñecelo tamén é importante. Falaba tamén nesta moción o BNG de violencia vicaria, un aspecto creo que tamén é fundamental e non podemos esquecer. En canto aos tres apartados aos que se insta creo que estamos totalmente de acordo en ámbolos tres, a saúde mental ten que estar cuberta sobre todo aquelas mulleres que son vítimas de violencia deben ser cubertas por un servizo de sanidade pública e deben destinarse recursos suficientes que garantan isto creo que é imposible a día de hoxe que alguén non estea a favor completamente de isto, tamén incrementar esa contribución aos CIMS, centro de información a muller e para min un aspecto fundamental que se recolle nesta moción que é estes futuros centros de crises de 24 horas para atención a mulleres vítimas de violencia sexual que estarán nos centros de saúde, cinco centros pilotos que a Xunta vaia a poñer nestes centros de saúde, importantísimos, creo que chegan tarde pero aínda así necesarios e benvidos sexan, unha pena que unha vez máis estean privatizados. O señor Salustiano dixo que se vería que empresa ía ser, eu facendo unha búsqueda rápida en internet as noticias son claras “Eulen gestionará el centro para vítimas de violencia sexual de Santiago”, creo que xa se sabe cal vai a ser a empresa que vai xestionar este servizo unha vez máis privatizado. Sexa como sexa, servizo necesario moi urxente e que é fundamental que nos centros de saúde de



derive e haxa unha atención especializada a esas vítimas de violencia sexual.

En canto a exposición de motivos na moción do PP, si que estou completamente de acordo con este apartado que di “é preciso superar a xerarquización de xénero” na que despois se fala en pasado, “o modelo social polo que dimensións ligadas ao poder e á esfera pública (como o traballo remunerado ou a política) asociábanse á masculinidade”, asociábanse en pasado e asóciáanse en presente, todos e todas coñeceremos algunha compañeira, algunha amiga, algunha filla, algún familiar que para optar a un cargo de poder nunha empresa privada ten que demostrar 100 veces máis que está preparada, que está capacitada e que é válida fronte a algún compañeiro home. Os postos de poder seguen estando ocupados maioritariamente por homes e iso é unha realidade, tamén di “mentres que outras facetas (como a atención á dependencia e os coidados en xeral) desenvoltas no ámbito privado, estiveron identificadas coas mulleres”, estiveron en pasado e están en presente, non fai falta ir moi lonxe por exemplo temos o servizo de axuda de atención no fogar en Salceda de Caselas onde o 100% do persoal auxiliar son mulleres, un traballo completamente feminizado e precarizado.

Queda moito por loitar, queda moito por facer e eu creo que temos que estar unidos para que isto mude, estamos de acordo en que é necesario instar á Xunta de Galicia a estes tres puntos que aquí se propoñen e engadiríamos a importancia de dotar de máis recursos económicos nesta moción. Fálase moito dos colectivos educativos, da comunidade educativa, da formación ao profesorado, da formación á comunidade, hai que dotar de recursos para que este profesorado poida facer iso, é imposible que nunha clase con 26 nenos e nenas se poida traballar do mellor xeito e a favor de todos. Dos apartados aos que se instan ao Concello creo que se está traballando en todos eles, no primeiro e no segundo xa hai resultados e no último irá no próximo plan de igualdade que me gustaría que todos e todas compañeiras de Corporación colaborasen ao longo do mes de novembro nunha xuntanza e nunha mesa de traballo para que fagades as aportacións que estimes necesarias.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Comparando as dúas mocións non me parecen incompatibles, como dicía a compañeira se ben non menciona a palabra machismo fala de superar a xerarquización de xénero da sociedade masculinidade polo tanto entendo que practicamente é un sinónimo, prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, promover principios de igualdade. Vexo que anima a tomar medidas máis ben a nivel local, nun Concello novo e dinámico como é Salceda onde hai movida nocturna é importante o tema de conciliación, adhesión dos locais de ocio nocturno e ao do BNG é un pouquiño máis crítica da acción da Xunta, da supresión da Secretaria Xeral de Igualdade de rebaixar o seu rango, en canto a instar a Xunta de Galicia pide máis fondos e recursos. Penso que poderíamos facer un esforzo e traspoñer as dúas.

Sr. Guerra García: É difícil facer unha transacción con estas dúas proposicións, primeiro nós queremos lembrar que estamos a falar do 25 de Novembro non do 8 de marzo, aínda que sexan dúas datas que teñen á muller co centro estamos falando do 25, estamos falando da violencia, de aí que fagamos unha exposición de motivos tan descarnada porque é a realidade. Se aalgúen se lle conta que hai 3231 mulleres que teñen protección oficial e que é



non sabemos onde meternos, nós o que vemos na proposta do PP, creo que algo pasou o ano pasado, primeiro mestura 25 de novembro con cuestión no ámbito máis laboral que sería o 8 de marzo e logo, a parte de pasar de puntillas sobre a realidade descarnada que nós relatamos, na exposición de motivos cando fai a proposta de acordo a instar a Xunta a promover os principios de igualdade, eu non sei que se lle pode pedir a un goberno que acaba de eliminar a Secretaria Xeral de Igualdade, baixoulle o rango a unha Dirección xeral, parécenos que ten intención pero que lle falta realmente ganhar de meterlle o dente a realidade que ten a muller e por iso estamos falando do 25 de novembro.

Sra. Pérez Cabaleiro: Creo que non debe ser consciente do nome real da Consellería de Política Social e Igualdade, non se rebaixou o rango senón que se lle subiu o rango e se asumiu como Consellería e a parte creouse unha nova Dirección Xeral, xustamente que intenta erradicar a violencia xénero, sabe o que botamos nós en falta? Que simplemente intentes instar a un Goberno que xustamente é gobernado pola dereita, porque non instas tamén ao Goberno do Estado? Goberno que tanto alardea da igualdade e de loitar contra a violencia de xénero e o que xunto co seu grupo, o BNG, sacou a Lei do solo si é si, que o que fai é quitar agresores sexuais e violadores a calle e rebaixarlle as penas, iso é o que ten que facer vostede, tamén instar a tódalas administracións públicas para loitar así pola igualdade e sobre todo para erradicar a violencia de xénero que é unha lacra que nos incumbe a absolutamente a todos, iso é o que debemos facer. Nós como se pode observar sempre instamos á Xunta de Galicia, que é a Administración Autonómica, a dar pe a novas leis e sobre todo intentar loitar contra esta lacra como é a violencia de xénero e instamos ao Concello que é a nosa Administración Local a que siga loitando e a que propoña máis accións e actividades para sensibilizar a todas a sociedade e instamos ao Goberno Central, absolutamente a todas as administracións e que todas nos incumben. Si tanto falamos de recursos simplemente recalcar que tanto no ano 2020 como no ano 2021 con Dolores Castiñeira como responsable de igualdade este Concello tivo que devolver dúas subvencións de igualdade por non utilizala en actividades, nin recursos neste Concello un total no 2020 de 4.622,59 e no 2021 de 855,47€ en total 5.478,06 € en dous anos, o dito devolveo por non efectúalo.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente nese momento era eu Concelleira de Igualdade e esa cuestión formuláchela dúas veces en sesión plenaria e se che respondeu non só por parte da Concelleira de Igualdade senón por parte da Concelleira de Facenda, Lucía, naquel momento. Eran Fondos do Pacto do Estado, devolvéronse ao ano seguinte compensáronse e non se gastaron porque unha vez máis chegaron tarde a este Concello. Dí a verdade, porque ademais está recollida en acta e déronse as explicacións pertinentes, está recollida en acta e non sexas demagóxica e apliques aquí un discurso do que se che deron explicacións pertinentes.

Sra. González Luis: Voume a centrar no apartado no que se insta ao Concello de Salceda de Caselas, que estou a favor dos tres puntos pero si que me gustaría aproveitar esta quenda de palabra para contar un pouquiño o que se fixo ata o momento. Fomentar os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local. Este ano vimos de executar unha subvención que se nos concedeu de maneira conxunta co Concello de Salvaterra, subvención de corresponsables na que se levou a cabo a primeira escola de familias e que queremos agradece a todas e a



todos os asistentes un total de 153 persoas que asistiron, unha escola de familias que tiña como obxectivo principal fomentar a coeducación e a igualdade de xénero en concepto de consentimento de relacións baseadas na igualdade de dereitos e que tamén se facilitou a conciliación con un servizo de ludoteca para que as familias asistentes puidesen conciliar e puidesen deixar alí as crianzas. En canto a colaborar no tecido económico e local das mulleres, é certo que existe unha gran necesidade, os datos son os que son, as taxas de desemprego das mulleres son moito máis altas que as dos homes e aínda por encima os empregos son de menor retribución, queda demostrado así no programa integrado de emprego no que o 65% das participantes foron mulleres e grazas ao cal se conseguiron insertar ao día de hoxe a 27 mulleres participantes, no obradoiro de emprego que se está a executar existe paridade con 12 empregados e 13 mulleres empegada, algo que cremos fundamental para que se siga fomentando o traballo é a conciliación. Un aspecto fundamental que tamén se deu por primeira vez este ano, dentro tamén da subvención corresponsables, foi que 30 menores durante un mes de verán foron atendidos, totalmente gratuítos, cinco horas ao día, cinco días a semana para favorecer a conciliación laboral para promover que as súas nais puidesen traballar, dende aquí agradecer e felicitar o traballo que fixo o colexio Altamira na derivación destes casos que foi seguido polos servizos sociais, un traballo fantástico que tivo uns resultados moi positivos.

En canto ao segundo punto “incremento da colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promocionar a igualdade en todos os eidos”, en Salceda temos unha asociación de mulleres que é a Asociación de Mulleres Rurais Caselas ca que se colabora acotío, estamos semanalmente en contacto pero tamén cremos que é importante colaborar con aquelas asociacións que teñen un apartado específico de igualdade e que loitan contra a violencia machista e que teñen un departamento de igualdade, como pode ser por exemplo a Asociación Treze Catorce coa que se colaborou na programación do 8 M, pero para nós é fundamental colaborar con absolutamente todo o tecido asociativo e con todos os colectivos e que as mulleres formen parte da directiva de tódalas asociacións, solo así poderemos estar representadas, Comunidades de Montes, Asociacións veciñais, Traídas de Auga, Comisións de Festas, etc... e nos parece moi interesante para adherir aos de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas, que chegara en breve porque cremos que é algo fundamental.

Sr. Guerra García: Contestarlle á señora Cristina Pérez, consellos vendo que para min non teño, nos di que nós na proposición non falamos nada do Goberno do Estado pero é que na proposta do PP tampouco se fai mención ao Goberno do Estado.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Mixto-BNG esta resulta aprobada por 7 VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e Grupo Mixto-BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptando o seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:



- Aprobar e dotar nos orzamentos un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario, para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública, e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluirá, en colaboración co Colexio de Psicología de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.
- Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller, co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM, facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas depersoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.
- rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual, garantindo a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.”

Moción do grupo PP con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción presentada polo PP esta resulta aprobada por **12 VOTOS A FAVOR** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e unha **ABSTENCIÓN** do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1) adoptando o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia:

- Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración enomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).
- Darlle continuidade á mellora da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia dexénero.
- Fomentar a promoción da coeducación no conxunto da sociedade e nomeadamente do persoal da administración e comunidade educativa, a través de instrumentos de divulgación, ferramentas didácticas e estratexias de traballo enrede.



SEGUNDO: Instar ao concello de Salceda de Caselasa:

a) Que o Concello, no marco das súas competencias:

1. Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de cuidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local.
2. Incremente a colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.
3. Promova a adhesión dos locais de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBifóbicas.”

Moción do grupo do PP en relación a SOGAMA	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Davila: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da *Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación das novas impostas, ao tempo que pediu á Fegamp (liderada pola esquerda do Psoe e Bng) que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, case práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.

De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova



actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano 2024, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon do próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, **o grupo municipal do Partido Popular presenta as seguintes propostas de acordo:**

- 1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.
- 2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termo eléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).
- 3.-Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.”

Como manifestei no debate da outra moción o PP está en contra da implantación de este taxazo pero o certo é que ben dunha lei estatal que é de obrigado cumprimento implementala nas Comunidades Autónomas e se dixo aquí modelos de outros países, concretamente Marcos, Concelleiro da axenda ecolóxica, a día de hoxe nin Alemaña, nin Suecia, nin Finlandia fixeron a transcripción da Directiva Europea e de momento non hai noticias ao respecto, de 27 Estados membros máis de 18 a día de hoxe non a transcribiron. Reitero o que dixen anteriormente, aquí se di e manifesta estar en contra de SOGAMA, pero en responsabilidade de goberno absolutamente nada se fixo en contra de ese modelo e máis ben todo o contrario ou practicamente seguir no que se estaba facendo por aquel entón. Aclarar que na foto que enviei, iso sucede todos os mércores, ben o camión do lixo do Concello carga todo no camión mesturando o cartón, plástico, caixas de madeira, etc... todos os mércores. Oxalá que este toque de atención vaga a pena e que a partires de próximo mércores se separe e que compare vostede a recollida de cartón selectivo que se fai polos comercios por unha empresa que ven con camión única e exclusivamente de cartón dista moito da seriedade que vostede debería ter ao respecto nesta materia.

Volvo a insistir no negacionismo de cando un ataca o sistema que temos en Galicia, respecto da planta de SOGAMA como aquela que dixen minutos atrás, vostedes están en contra dos muíños nos montes pero a eólica e enerxía renovables, queren traballo e oportunidades de traballo pero non queren as industrias, queren pedra nas obras pero non queren as canteiras, a historia de toda a vida do buenismo que todo sería marabilloso, fantástico e súper guay pero a realidade e outra. Creo que é de xustiza unha vez máis mostrar a nosa coherencia do que pedimos, que o Goberno do Estado non aplique o taxazo a recollida do lixo, se o Goberno do Estado non a aplicado o taxazo a recollida do lixo quenes temos que aplicar os Concellos aos veciños ao tratamento do residuos urbanos e automaticamente se deixará de aplicar por SOGAMA, as dúas cousas é imposible unha conleva a outra e viceversa, si se elimina non se aplica e se aplica hai que aplicalo.

Sra. Alcaldesa: Non sei de onde saca que estamos en contra das canteiras, eu hoxe a maña



estiven nun evento no IFEVI apoiando o sector da cantería cos canteiros de Salceda e eu non sei de onde saca esas afirmacións. Estamos en contra dos eólicos, igual estamos un pouco en contra de que nolo poñan en tódalas serras e que ao mellor en Madrid teña que haber algún ou é que non hai vento en Madrid? Claro nós defendemos o territorio vostede defende outras cousas que son as siglas do seu partido pero os intereses dos galegos pouco.

Sr. Troncoso Estévez: En canto ao que dicía dos mércores, nós temos todos os contenedores de toda clase de residuos e a xente debería ser consciente da separación que habería que facer, a día de hoxe xa non cabe dúbida de que a día de hoxe todos sabemos onde temos que meter os residuos, cal é o color do contedor que corresponde, é certo que os mércores se acumulan mogollón de residuos e ao mellor se mesturan residuos no contedor verde que non teñen que ser iso xa non é cousas nosa. Nós recolleemos residuos para que non queden aí polo chan e aos mércores a empresa que recolle o cartón e o plástico tamén ven a facer a recollida, cada un recolle o seu tipo de residuo. En canto a moción, nós votaremos en contra polo xa exposto na anterior moción presentada polo BNG, nós instamos a un cambio de modelo SOGAMA, volvemos a repetir, é un modelo que está centralizado moi pouco eficiente, un modelo que busca a solución da xestión dos residuos na incineración, que queremos escapar dela, moi baixa a taxa de reciclaxe e vai en contra dos principios de desenvolvemento sostible e do benestar das xeracións futuras. Nos avogamos por un modelo que se sexa máis localista que non sexa centralizado, un modelo descentralizado que sexa máis eficiente e prime sistemas alternativos como a compostaxe, reciclaxe ou biogás, tamén pola aposta de inversión de creación de novas plantas de reciclaxe e dun modelo de xestión para a economía circular, converter un residuo en produto e volver ao ciclo.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Basicamente si a directiva do parlamento Europeo dada a correlación de forzas do PP europeo, Socialistas e os Verdes senón dubido que desen os números, xa comentei o escrito da Federación Española de Municipios e Provincias que non cuestiona tanto a taxa senón a maneira de aplicala, é evidente que temos o tema de SOGAMA pero o curioso é que o modelo SOGAMA é o que máis critica o Parlamento Europeo iso non é culpa so do Partido Socialista.

Sr. Guerra García: O debate xa está bastante dado, creo que o PP con esta moción o que pretende é que non cuestionemos o modelo SOGAMA, que no fondo do asunto de toda a taxa que se impón, a taxa que se impón é camiñando cara modelos diferentes de xestión de residuos cousa que o PP na súa responsabilidade aquí en Galicia obvia e continúa presa deses compromisos que ten con Naturgy de queimar en SOGAMA e o que non se poida queimar a vertedoiro. A cantidade de reciclaxe que tiña previsto SOGAMA manifestado a través do Goberno Galego durante moito tempo, non se cumpren en absoluto, non se chega ni ao 5% co cal a taxa por onde ven dada, porque eu antes de vir aquí a este pleno estiven buscando información en páxinas de medios serios que falan con seriedade e podemos mirar en conversación nunha páxina internacional que fala do tema de residuos e explica claramente porque o Estado Español está obrigado a aplicar a taxa, outra cousa é como se aplica a taxa, iso é o que teñen que definir finalmente en cada lugar, agora poñernos aquí que modelo de residuos poderíamos xestionar ou traballar neste Concello sería bastante longo e me parece que non corresponde hoxe, agora que a taxa é inevitable para que o Estado Español se evite unha multa da Unión Europea é incuestionable, pretender aquí dicir que Madrid non imponha esa taxa é como dicir ímola a pagar por outra vía porqué? Porque o



PP non está disposto a darse de baixa do modelo SOGAMA.

Sr. Rodríguez Davila: Señor Concelleiro de área quere remendar o erro, o que se está facendo os mércores está mal feito non ten que xustificar o inxustificable. Señor Salustiano nós non pretendemos que vostede non critique, ou opine, ou discrepe ou manifeste o seu posicionamento do seu partido en contra dunha cuestión, neste caso, de SOGAMA pode estar tranquilo que por sorte en España e en Galicia vostede non vai a ter o problema que teñen os compañeiros de Venezuela aos que o Goberno e o ditador Maduro apoia a súa líder. Alfonso Rueda non vai vir aquí a taparlle a boca nin a expresar libremente do que considere oportuno, por sorte aquí se pode expresar un libremente aínda que discrepemos no posicionamento, e lamentable pero é o que vostedes o BNG apoian en Venezuela.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta **REXEITADA** por **6 VOTOS A FAVOR** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e **SETE VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e Grupo Mixto-BNG (1).

Moción do Grupo Municipal PsdeG-PSOE relativa ao comedor escolar do CEP Altamira	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Gregorio Vaqueiro: Dou lectura da moción presentada relativa ao comedor escolar do CEP Altamira, seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O Grupo Municipal do PsdeG PSOE considera de gran importancia a construción dun comedor escolar no **CEP Altamira**, xa que no ano 2018 colocáronse por parte da Consellería dous contedores, en principio de xeito provisional, pero que, a día de hoxe permanecen. A madeira do chan está en proceso de apodrecer e o deterioro que sofren é constante así coma a enorme oscilación térmica que sofre o alumnado que o usan debido a deficiente calefacción así coma a inexistencia de aire acondicionado nas épocas de altas temperaturas.*

O 15 de Outubro do ano 2018 o Valedor do Pobo, respostou, ante unha queixa da daquela Voceira do PSdeG-PSOE, Verónica Tourón Dominguez, o inicio dos trámites tanto ante a Consellería de Educación como ante o Concello de Salceda de Caselas para a construción do solicitado comedor escolar. O expediente iniciado por devandito organismo co número D.3.Q/18729/18, aínda non foi atendido.

O 4 de Xaneiro do 2022 a Alcaldesa nalquel momento Dona Verónica Tourón Dominguez, tras o primeiro Consello Veciñal de Salceda celebrado o 16 de Decembro do 2021 xa se lle solicitou o Conselleiro de Educación a solicitude dunha reunión para abordar as deficiencias educativas do noso concello. O PSdeG-PSOE considera esencial a construción dun comedor escolar con todas as condicións necesarias e axeitadas para a nosa comunidade educativa.”

Basicamente solicitamos que se cambien os contenedores por un comedor como entendemos que debería ser.

Sra. Pérez Cabaleiro: Sen dúbida o actual comedor non cumpre as expectativas en canto a instalación e servizos, nin tampouco de ubicación, pero queremos que quede reflectido porque ti mesmo reflexas toda a situación con datas na moción que para presentar esta moción e facer a proposta, neste caso, de construción dun novo comedor escolar e o voso equipo debería haber chegado a este pleno, neste caso, cos deberes feitos, porque non esquezades que no ano 2019 o voso grupo estaba dentro do goberno e nos dous últimos anos estivo ao mando da Alcaldía. En primeiro lugar tendo un plan xeral aprobado, que sen dúbidas se este grupo municipal fose goberno sería a prioridade, e que non estea aprobado é responsabilidade dos últimos 17 anos dos vosos tres grupos, PSOE, Movemento Salceda e BNG. Como dicía, cun plan xeral aprobado quedaría reflectido que a edificación anexa ao CPE Altamira como comedor escolar e outras áreas de esparcemento se puidese levar a cabo, neste momento nin plan xeral nin expectativas de que o haxa a curto prazo e por iso que nós aceptamos esta moción e todo o que expón nela o grupo socialista e o noso voto vai ser favorable, porque sempre temos que mellorar e este comedor ten que ser adoptado ás circunstancias que precisa a mocidade, neste caso, salcedense. Como dicía o noso voto vai ser a favor desta moción xa que no momento que se votou a favor da solución, neste caso dos contedores, foi porque era a única solución que se plantexou por parte do goberno e era ou iso ou non levar a cabo nada, pero é certo que non é a maior maneira de efectualo e sempre estamos dispostos a solicitar, como xa o fixemos na anterior formación, as administración que sexan precisas as melloras que os nosos cativos e que Salceda merece.

Sra. Alcaldesa: Creo que puidestes ter aprobado o PXOM en 32 anos de goberno e máis, as Normas Subsidiarias vosas do 1997 son as que ocasionaron o catastro do que responsabilizan ao Concello, polo que está denunciado o Estado e o Ministerio de Hacienda, creo que en 10 anos tamén tivestes tempo de facer un PXOM é máis, como vos non o fixestes fixémoslo nós, trouxémolo a esta sesión plenaria no 2016 e que fixo o PP, votar en contra, esa é a situación do PXOM actual do Concello de Salceda de Caselas. Urbanisticamente xa se obtiveron terreos a través do PERI e estase traballando en formulas urbanísticas deste tipo para que Salceda siga crescendo, teña dotación de vivenda social e oxalá a Xunta a través do convite que lle fixemos de cesión de terreos no PERI teña a ben construír vivenda social para a nosa xuventude tan necesaria, está é a situación real do PXOM de Salceda de Caselas.

Sra. González Luis: Estamos completamente a favor desta moción, tan a favor de que antes de que empezara este curso escolar xa fixemos esta solicitude. Si que me chama a atención o que di Ana Cristina, porque baixo o meu punto de vista ata este momento nunca me plantei, nin ningún colectivo, nin as ANPAS, nin os directores que estivese mal ubicado o actual comedor, creo que o problema é que son unhas instalacións insuficientes para o tipo de poboación que temos e vellas, hai que botalas a baixo e non creo que estea mal ubicado, que está cerca do colexio Altamira, cerca da sede do CRA e cerca do pavillón municipal, de todas formas é algo que terei en conta e preguntarei aos colectivos.

En canto as temperaturas e a climatización que se recolle é certo que son máis altas na parte nova pero si que está climatizado. Vou ler a que se lle enviou á Xunta de Galicia no que se



recolle o que se solicita o Partido Socialista e nun novo aspecto que non se ten en conta nesta moción, que é que solo hai catro wc para 150 nenos. A sociedade cambia, os modelos económicos cambian e os modelos de familia cambian e as familias necesitan conciliar e para conciliar necesitan servizos, é dicir, cada vez nenos e nenas máis pequenos fan uso do servizo do comedor, nenos e nenas que debido a súa idade teñen incontinencias e necesitan ir con máis asiduidade ao baños, e catro baños para 150 nenos son insuficientes sobre todo para aquela infancia de tres anos. Dou lectura o que se lle enviou a Xunta de Galicia: “o próximo mércores 11 de setembro da comezo un novo curso escolar e dende o Concello de Salceda de Caselas queremos poñer en coñecemento a situación que se vai dar no referido comedor escolar que acolle o alumnado do CRA Raíña Aragonta e do CPE Altamira conxuntamente, para este curso teñen solicitado servizo de comedor un total de 150 nenos e nenas de dous centros educativos, destes 150 60 nenos e nenas pertencen a educación infantil e deste un total de 23 casos teñen entre dous e tres anos. Actualmente as instalación do comedor escolar conta con catro wc, dous para o espazo do alumnado de primaria e dous para o espazo de educación infantil que teñen que dar servizo a un total de 150 nenas e menos. Esta realidade está provocando situación de incontinencia a menos e nenas de idades tan curtas que se verá gravado no vindeiro curso polo incremento do alumnado de primeiro curso de educación infantil, por outra banda o chan dos contedores prefabricados atopase nun estado de deterioro que fai preciso a súa substitución no menor prazo de tempo posible, polo exposto, anteriormente solicita:

1. A dotación urxente de novos WC nas instalación do comedor escolar que deán cobertura a totalidade do alumnado que fai o seu servizo.
- 2 a revisión e reparación ou substitución do chan dos contedores que acollen o servizo do comedor escolar ante o seu deterioro.
- 3 a construción dunhas novas instalacións para o servizo do comedor escolar eliminando os contedores que colocaron de xeito provisional.”

Por todo isto non podemos máis que estar a favor de esta moción xa que nesta ocasión traemos os deberes feitos.

Sr. Guerra García: O evidente e creo que coincidimos todos, é que as instalación son insuficientes e carentes, cando menos, dunha mínima comodidade. O que teño moitas dúbidas é que si para facer un comedor se necesita un Plan xeral. En todo caso nós vamos a votar a favor, nos parece interesado que a Corporación manifieste esa posición aínda que non temos moita esperanza que de a Consellería de Educación faga nada porque o Goberno Galego esta cabalgando en largar cartos públicos ás entidades privadas en todos os eidos e un deles á Consellería de educación, lamentablemente.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:

SOLICITAR a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP que se cambien os contedores por un comedor como entendemos que debería ser.



Moción do grupo PSdeG-PSOE sobre deficiencias de cobertura telefónica e de tv dentro do termo municipal.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Sr. Olmo Vaqueiro: Dou lectura a moción presentada sobre as deficiencias de cobertura telefónica e de tv dentro do termo municipal, seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, faise eco das queixas que nos trasladan moitos veciños e veciñas sobre a deficiente cobertura tanto de sinal de TV como de cobertura móbil. No caso da TV a maior parte das queixas proveñen da zona de Picoña e San Xurxo, onde dependen do repetidor instalado no Campo das Curuxeiras que o parecer dá un servizo moi deficiente e existen moitos problemas para a recepción dos sinais de TV.

A cobertura da telefonía móbil é outra queixa en moitas zonas do noso Concello onde existen moitas zonas de sombra. No caso da cobertura móbil estas zonas de sombra repártense por todas as parroquias. Neste caso sería preciso facer un estudio das zonas de sombra existente e analizar as necesidades de mellora de sinal telefónico en todo o concello.

Diante desta situación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, ACORDA:

Solicitar á alcaldesa María Dolores Castiñeira Alén que se dirixa ás empresas de suministro de liña móbil e de TV que operan no noso Concello para que melloren a súa cobertura.”

Este non é un problema actual, podíase traer como rogo pero miramos que é algo que se alarga no tempo e igual era bo estudalo entre todos e buscar unha solución para a poboación, dado que son cousas que se usan a diario e son servizos que demanda a poboación.

Sra. Rocha Núñez: O noso equipo vai votar a favor da moción, na acta do pleno anterior xa se votou que se había comunicado o 24 de xuño de 2024 que xa se había exposto que había deficiencias na cobertura da televisión sobre todo en Picoña, en San Xurxo e Soutelo, e queixas que tamén ten o Concello de instancias sobre todo de veciños de Picoña. Nós como partido político nos puxemos en contacto coa oficina técnica da televisión dixital de Galicia onde nos notificou ás áreas onde hai problemas de cobertura e actualmente segue habendo problemas e traslado ao Concello que é competencia deles, de que o centro de extensión de cobertura que hai en Picoña necesita mantemento, non sei si se levou a cabo, o que nos notificaron e iso que o problema é do centro de extensión de cobertura de competencia municipal.

Sr. Rodríguez Canosa: En canto a televisión, en Salceda existen distintos repetidores de televisión e dous deles que son os que instalou o Concello no 2010-2011 no barrio de Loureiro en Picoña e en Soutelo, debido as deficiencias que había nestas zonas para recibir a



TDT e a televisión o Concello fixo un gran investimento nunha competencia que non lle compete, non é competencia municipal as ondas magnéticas que transmite a televisión, a espera de que TVGAL empresa pública da Xunta de Galicia dera o servizo que lle compete. Respecto de Loureiro, a realidade é que a día de hoxe está funcionando correctamente e despois da tormenta e temporal, a principios de outubro si que me avisan a min de que a porta da caixa onde está ese equipo está aberta, coa chuvia que entrou se estropearon varios equipos e estivemos dous ou tres días sen poder repor eses equipos, cando se instalaron os equipos foi cando nos demos conta de que o problema a maiores viña de Curuxeira, do repetidor de onde se recibe a sinal, e dende ese momento é cando comezamos a pórnos en contacto coas dúas empresas que levan esas centros e que por un lado RETEGAL a empresa pública galega e por outro lado CELLNEX, a día de hoxe me consta que aínda non viñeron a reparar de todo, a día de hoxe o de Loureiro funciona correctamente, non che digo que necesiten mantemento porque as horas de uso deses equipos xa se pasaron, por iso seguramente a mellor marca que precisa mantemento, o certo é que o que fai ese repetidor é repetir o sinal que chega de Coruxeiras. Respecto á telefonía móbil si que é certo que en Salceda existen varias zonas de sombras que non se colle cobertura, nos que entra cobertura portuguesa cada certo tempo, o Ministerio de Industria manda un comunicado por Concello, o último chegou no ano 2022 no que fan as zonas que teñen detectadas que lles chaman zonas grises ou zonas brancas, as zonas grises son as que teñen unha compañía que da servizo e zonas brancas son as que non teñen ningunha compañía que dea servizo, nese mapa do Ministerio xa está incluído todo o termo municipal de Salceda xa están identificadas esas zonas grises e zonas brancas. Insisto poderíamos poderíamos volver a poñer en contacto co Ministerio pero non hai ningún tipo de problema por volver a contactar con estes operadores.

Sr. Guerra García: As carencias existen e eu o da televisión o digo persoalmente na Galega exclusivamente, nós imos a apoiar a moción primeiro instar ao Goberno local que xestione unha mellora nese sentido ten toda a lóxica do mundo en todo caso a responsabilidade de a quen compete determinados repetidores ou amplificadores é unha cuestión máis técnica que deste pleno.

Sra. Alcaldesa: Dentro da AECT Río Miño formamos parte de ese organismo 16 Concellos e 10 cámaras portuguesas levamos anos pelexando por esta situación de falla de cobertura en toda a raia do Miño, dende A Garda ata Crecente e temos un problema tremendo en Salvaterra e os 26 Concellos fixemos unha reclamación para que os dous países de forma internacional poñan solución a un problema que temos grave sobre todo en Entenza e Soutelo sufrímolos moito pola proximidade con Portugal, 26 Concellos pelexando por este tema dende fai anos e seguimos sen que nos dean resposta e sen que nos dean resposta e sen que nos deán solución a esta problemática.

Sra. Rocha Núñez: Os usuarios deben facer unha chamada ao cliente demandando ese servizo de cobertura.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:



Solicitar á alcaldesa María Dolores Castiñeira Alén que se dirixa ás empresas de subministro de liña móbil e de TV que operan no noso Concello para que melloren a súa cobertura.

Expediente 2241/2024. Dación de conta da comunicación do ORAL respecto da facultade de liquidación previa á matriculación dos vehículos de tracción mecánica.

Dase conta da comunicación do ORAL respecto da facultade de liquidación previa á matriculación dos vehículos de tracción mecánica.

O pleno municipal queda enterado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2024-1048 de 26 de agosto ata o núm. 2024-1405 de 25 de outubro.

Sr. Núñez Troncoso: O Decreto núm. 1402 onde se propón abonar unha sanción por infracción tributaria da Tesoureira Xeral da Seguridade Social por un importe de 1.875€ ,queríamos saber a que se refire isto.

Sra. Alcaldesa: Buscarémolo.

Queda dada conta dos decretos dende o números 2024-1048 de 26 e agosto ata o número 2024-1405 de 25 de outubro

Petición de Comparecencia da Sra. Alcaldesa en relación a presunto suposto de acoso.

Sra. Alcaldesa: A petición do señor Santiago Rodríguez di “petición de comparecencia da señora Alcaldesa para dar conta e explicación das medidas, acción, notificación, reunións e etec, sobre o presunto acoso ao que fai mención o escrito presentado por rexistro o día 5 de outubro o sindicato CISIF”.

Esta Alcaldesa que vos fala e a organización política da que forma parte, Movemento Salceda, creen na transparencia e na información e dende logo a nosa posición será sempre favorable a dar as explicación que se nos pidan en asunto de carácter e interese público, pero este asunto creemos que non é de carácter nin de interese público posto que a presunta vítima xamais quixo que isto transcendese e pola contra o que fixo vostede o que fai hoxe pedindo a miña comparecencia, señor Santiago Rodríguez, só pode producir maior dano a esa muller, vostede señor Santiago Rodríguez cometeu un gravísimo erro ao facer público un caso de presento acoso nas súas redes sociais sen antes ter preguntado a esta Alcaldesa ou pedido acceso ao expediente para ter información de todo o acontecido, de verdade formamos parte dunha mesma corporación municipal con todas as diferenzas que poidamos ter politicamente que son moitas, pero vostede e calquera pode tomarse a molestia e falar comigo, de achegarse, e preguntarme directamente sen ter que facelo a través das redes sociais sendo un caso tan delicado coma este. Como xa lle dixen a través dunha mensaxe, tan pronto tiver coñecemento da súa publicación en redes sociais, o asunto mediatizouse e fíxose publico na prensa pola súa culpa deixando a vítima aos pes dos cabalos, exposta



totalmente. Estou segura de que vostede recibiu tantas chamadas e tantos mensaxes querendo saber o que pasou e quen é a vítima e todo, repito, a raíz da súa desafortunada publicación, unha irresponsabilidade que cando menos é para pedir a súa dimisión. Non desexo falar disto en público por responsabilidade e sobre todo por protexer á presunta vítima pero vou a aclarar as medidas adoptadas para protexer a unha traballadora deste concello, porque é o meu deber e a miña obriga política e persoal. A primeira medida reunión con todas as partes traballadora, persoa acusada, representación sindical; a segunda medida separación dende o primeiro momento adoptamos medidas que garantisen a separación entre as dúas persoas, medidas que se manteñen a día de hoxe cando menos ata que haxa unha resolución; terceira medida xudicialización unha vez que a traballadora presentou un escrito no rexistro de este Concello ante a ausencia dun protocolo aprobado e despois de consultar cos asesores xurídicos, emitín providencia de Alcaldía a favor da xefatura da Policía para informar das accións e dos dereitos que lle asisten a presunta vítima, como o dereito a presentar denuncia ou servizos de asesoramento aos que podía acudir e din traslado deste atestado recollido a Garda Civil e ao Xulgado; cuarta medida elaboración un protocolo, estase elaborando neste momento un protocolo que será levado proximamente a Mexa Xeral de Negociación para logo ser aprobado polo pleno de esta Corporación. O caso está xudicializado, a xustiza resolverá a esta Alcaldesa acatará o meu compromiso na defensa da igualdade e a loita contra o machismo é e será firma sempre e remato facéndolle unha pregunta a vostede, señor Santiago Rodríguez, houbese feito o mesmo publicando en redes sociais, falado coa prensa si se tratase dun caso que afectase a algunha muller da súa familia? A suposta vítima ten que ser a única persoa coa potestade de decidir se dá un paso ao fronte e o fai público ou se quere que se resolva en privado e vostede saltouse esa facultade que non lle correspondía.

Sr. Rodríguez Davila: Será a súa interpretación bastante lonxe da realidade, vostede se atesora unha vez máis a plena verdade sobre un asunto, fala en nome de terceiras persoas cando o certo e verdade que deixou bastantes mentiras na súa intervención. Ante a información que nos chegou a principios do mes de setembro dun presunto caso de acoso sexual no noso Concello dun home cara a unha muller, ámbolos dous traballando para o Concello e logo de indagar, escoitar e falar con persoas sobre dita cuestión e ter o primeiro documento do sindicato citado, CSIF, onde se lle solicita a vostede como Alcaldesa a convocatoria urxente dunha reunión para “o inicio da tramitación do protocolo de prevención de actuación fronte ao acoso laboral/sexual do Concello” polo que ven a confirmar que a día de hoxe non existe dito protocolo. Neste primeiro escrito di claramente a gravidade do supostamente sucedido, polo que insta a esa urxente xuntanza, pois ben, despois de todo o anteriormente dito este Grupo Municipal do PP tomou esta decisión de pedir esta comparecencia da señora Alcaldesa para que informe á Corporación Municipal e por ende á sociedade Salcedense das medidas, acción que puxo en marcha ante dito suceso é a nosa obrigación, é o noso deber porque moralmente así o debemos facer, segundo como exercer como fiscalizadores das decisións e accións do goberno en todos os asuntos e máis nun desta gravidade e o terceiro motivo por xustiza, por dignidade en defensa das vítimas do caso neste ocasión un presunto acoso sexual. Señora Alcaldesa, señores e señoras Concelleiros no PP non sinalamos, no PP non nomeamos, no PP non acusamos nin criminalizamos, nin culpamos, nin xulgamos nin condenamos a ninguén, nos non somos nin fiscais nin xuíces, nin a garda civil, nos somos claramente o grupo maioritario desta Corporación que controla a labor e a non labor e as non acción dun goberno minoritario



apoiado por outros grupos.

Vostede neste caso señora Dolores Castiñeira, e aos feitos me vou a remitir, mirou para outro lado perdoe que llo diga, vostede intenta silenciar e que non se fale do asunto, intenta facer vítima ao presunto acosador e a vítima real en culpable, voulo a dicir moi clariño señora Alcaldesa é indigno de calquera persoa, é indigno de calquera home ou muller pero é máis indigno sendo Alcaldesa seguir mantendo esa ambigüidade e esa actitude negacionista ante noticias e información, que a ten, dun presunto caso de acoso sexual no Concello que vostede preside, vostede por isto, si señora Alcaldesa, por isto debería dimitir, sabemos que non o vai a facer porque vostede non ten coherencia entre o que predica no tocante as mulleres co que fai cando ten un asunto tan grave como este para demostrar eso do que alardea e di defender, o eu feminismo, señora Alcaldesa, é de pancarta e de megáfono solo o utilizaría se o presunto acosador fose, segundo o seu parecer, unha persoa afín ou militante do PP, seguro, entón si aí sacaría vostede seguida dos seus secuaces feministas populistas a pancarta, o megáfono a todo volume e enchería a rúas de manifestos, concentración contra ese home sen respecto a súa condición de inocencia, como si facemos nós con todas as persoas que se vexan involucrados en casos como este, dixó isto con total rotundidade, señora Alcaldesa, porque vostede xa ten pasado neste idilio, vostede logo llo vou recordar.

A primeira comunicación que vostedes tiveron foi mantida entre o señor Concelleiro Marcos Troncoso e a vítima a petición desta no entorno do campo do fútbol da A Gándara a finais do mes de agosto, aí se lle trasladou a vostede o que esta acontecendo e vostede, señor Concelleiro, lle recoñeceu que xa non era a primeira vez, porque parece ser que lle aconteceu algo semellante con outra persoa de outro departamento, digo o que lle fallou o subconsciente nesa reunión posterior xa negou esa afirmación, claro, seguramente se deu conta do que había dito. Eu señor Concelleiro lle pido que non se deixe levar pola mala política dunha Alcaldesa, pregúntello aos outros seis Concelleiros e verá que temos razón, vostede ten outra forma de ser, non se deixe turbiar senón ao tempo. A segunda reunión a iniciativa tamén da presunta vítima foi xa no Concello onde estaba de novo o señor Troncoso e neste caso acompañado da Concelleira de Igualdade a señora Selene González, foi o venres antes da Festa dos Callos concretamente o venres 30 de agosto, alí escoitaron con nitidez o que seguía sucedendo e o que acababa de acontecer mentres se montaban as mesas para a festa dos Callos. Vostedes con esa información e sempre mantendo o dereito de todas as partes da presunción de inocencia e con máximo celo deberían tomar inmediatamente a decisión de chamar a orde a esa persoa e informar aos seus superiores e esixirlle que non permitirán que non volvese a traballar para o Concello mentres non se aclarase este asunto, ben vía intermediación ou xudicial no caso de que se denunciase ou se denuncie. Vostedes deberían informar á Policía Local e á Garda Civil nese momento, grazas que a Policía Local o fixo a través da testemuña da persoa. Vostedes deberían informar a Asuntos Sociais, vostedes deberían adoptar diferentes estancias en materia de acoso do que presuntamente estaba a acontecer e vostede non fixeron nada nese momento, lamentable e reprochable.

O luns día 2 de setembro mantiveron unha nova xuntanza onde xa estaba por fin a señora Alcaldesa, resulta que todo foi moi ben, boas palabras, moito cariño, “podes contar con nós”, “estamos para o que precisas”, “vamos a falar con el”, “estamos e seguimos en contacto”, “non te preocupes”, “temos tolerancia cero con estes asuntos”, todo moi boas palabras a día de hoxe señora Alcaldesa esa muller, esa traballadora, esa nai segue a espera de todo iso



pola súa parte, porque nunca máis dende ese día vostede estivo en contacto con ela, palabrería dunha muller que se di progre, con principios de feministas de artificio e non de credibilidade, aos feitos me remito. Durante toda esa semana do día 2 ese presunto acosador seguiu indo ao seu posto de traballo, cruzándose coa vítima certos momentos da semana, é máis aínda tiveron a desfachatez e a cara de sáculo en publicación en redes sociais do Concello en esa semana. O 5 de outubro o sindicato CSIF presenta un escrito por rexistro facéndose eco da información do que lle chegaba e do que presuntamente estaba facendo incluso se refería máis que dun caso polo que concorda co comentario do señor Concelleiro Marcos Troncoso cando lle recoñeceu a presunta vítima que isto non era a primeira vez que sucedía. Nese escrito recórdalle o sindicato a lexislación vixente e a obrigatoriedade de ter un protocolo de actuación e insisto, onde lle propoñen manter esa xuntanza urxente para dar comezo cos traballos da elaboración de ese documento, 5 de outubro do ano 2024, convocou vostede esa xuntanza que lle solicitaron os representantes sindicais dos traballadores? Mandou vostede ou apartou vostede ao presunto acosador do seu posto de traballo? O que se fixo foi contestar ao escrito dos sindicatos índose polas ramas e dicíndolles que o goberno está co III Plan de Igualdade, mesturando vostede allos con cebolas, nada ten que ver un plan de igualdade que afecta a todos os veciños do noso Concello con un plan e un protocolo de protección de acoso sexual ou laboral ou de outra índole, nada ten que ver por eso os señores sindicatos volvéronlle a contestar a vostede e lle volveron a dicir que non se confunda que convoque urxentemente a reunión que se dea inicio aos traballos de elaboración de ese protocolo e que se deixe de desviar a atención. Dita reunión a día de hoxe, máis dun mes e pico despois non se celebrou. O goberno de vostede, Dolores Castiñeira, segue incumprindo a lexislación vixente en materia de acoso sexual, señora Castiñeira xa non é a primeira vez que vostede ten o historial de silencio atronador, de cómplice indirecta, participe dun goberno acosador laboralmente falando, insisto, presuntamente cómplice indirecta, participe dun goberno acosador laboralmente falando e que o corresponsable de non renunciar e por voz a unha muller e un home que sufriron acoso laboral por parte do ex-Alcalde e ex-Concelleiro de persoal por non saír en defensa de esas dúas persoas cando sufriron as consecuencias do goberno do que vostede era Concelleira de Igualdade. Vostede nos dous casos mirou para o outro lado, pero claro como para vostede eran afíns ao PP pois que se fastidien, así de contundente llo digo porque é certo, verdade o que lle estou a manifestar hoxe aquí neste pleno, pois ben, que se fastidien pero pensou vostede meses momentos de inxustiza, cruel, mezquina persecución e maltrato laboral cara a persoas que veñen a traballar ao Concello e non a ter que aguantar imposicións dun ultra de esquerdas sectarios que o único que queren é impoñer o que eles queiran e non cumprir a lexislación. Señora Dolores Castiñeira recórdolle o que sucedeu naquel momento e vostede era Concelleira de Igualdade e vostede non dixo nada, puñetazos enriba da mesa o caso é tan grave que merece a pena que os veciños escoiten o que vostedes fixeron e seguen a facer, puñetazos enriba do mostrador da biblioteca ou carteis pegados nos despachos nas portas do traballador acosado laboralmente polo ex-Alcalde coa complicidade da actual Alcaldesa Concelleira de igualdade naquel momento. Son dous exemplos claros de sinalamento a persoas que discreparon do que vostedes pretendían que fixeran incumplir a legalidade, por iso dicía inicialmente que tiña antecedentes, pero vou dando leccións de feminismo, en defensa das mulleres, dos dereitos da persoas, da extrema dereita verdade de todo isto se lle enche a boca, que cínicos, que manipuladores e que demagogos por unha vez máis cáeselle a careta quedan ao descuberto ante a realidade do seu proceder e quedan deslexitimados, ao noso entender, dende xa para dar consellos en



materia de defensa da muller.

Vostedes, señora Dolores Castiñeira, nun periódico fixeron unha similitude entre vostede e Yolanda Díaz e a verdade teño que recoñecer que non ían mal encamiñados, porque ámbalas dúas o sabían e ámbalas dúas o taparon. Aos grupos do Partido Socialista e BNG dicirlles que si esta é a Alcaldesa que nos merecemos, si vostedes a van a seguir protexendo, alentando e aplaudindo todos os atropelos que leva feito e de seguro que seguirá a facer si vostedes seguen permitindo ser mangoneados politicamente falando porque nos lles cumpra nada do firmado coa señora Castiñeira, vostedes mesmo. Un claro exemplo da non acción, un caso grave e me consta que hai Concelleiros que teñen información ao respecto da non acción dun tema grave, o tiñan moi fácil era simple e llanamente apartar a esa persoa mentres non se aclarase o sucedido e que quen teña que decidir así o faga e se respectará loxicamente. Dende o noso Grupo PP quero agradecer aos que neste mes e medio están acompañando, animando e asesorando a esta muller, deste Goberno xa non espera nada pero si está topando alento e ánimo na sociedade salcedense, dende aquí ánimo, forza e todo o noso cariño.

Remato como empecei, todo o mundo ten o dereito, o respecto da presunción de inocencia pero iso non significa que cando un ten a responsabilidade de gobernar teña que tomar medidas cando ten información por varias persoas, con testemuñas para tomar as acción que tiña que haber tomado naquel momento e que non tomou e que a día de hoxe segue sen tomar, porque esa persoa segue vindo ao seu posto de traballo. Vostedes saben perfectamente a vinculación laboral desa persoa co noso Concello e o ten moi fácil, aí é onde vostede demostrou que non ten ningunha vontade de tomar decisións ao respecto namentres como ben dixo vostede no manifesto, non se aclare xudicialmente no caso de que haxa denuncia ou se tome outra decisión respecto a través da mediación. Creo que debería recapacitar señora Alcaldesa, creo que a información que ten é clara para tomar a decisión que lle acabo de manifestar teno moi fácil de vostede depende, insisto fágalle caso aos sindicatos e convoque urxentemente esa mesa de traballo que fai se un mes que lla solicitaron e a día de hoxe non a convocou polo tanto xa di moito de vostede.

Sra. Alcaldesa: Penso que dificilmente se pode caer máis baixo, acaba de quedar vostede retratado.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Rogo: ROGO QUE SE PRESENTE A TRAVÉS DO PLAN EXTRA DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA O PROXECTO DE ANEXO / AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL

Sr. Rodríguez Davila: Presentamos este rogo unha vez que tivemos coñecemento da publicación do Plan Extra da Deputación de Pontevedra onde se pon a disposición dos Concellos a oportunidade de presentar proxectos de calado e onde se pode contar cunha subvención, unha achega económica importante neste caso, dado que o pleno aprobase ese proxecto de Anexo do pavillón municipal e dado a necesidade que hoxe existe da mesma aínda que, xa o dixemos naquel momento e o volvo a dicir no día de hoxe, ese proxecto está un pouco coxo no sentido de que non cumpriría a pista deportiva para competición regulamentarias e oficiais como digo creemos que é necesario no sentido de que solventará



un grave problema que temos de adestramentos de clubs e deportistas e polo tanto lle rogamos, neste caso, a señora Alcaldesa que presente a ese Plan Extra da Deputación este proxecto que aprobamos unanimemente a Corporación Municipal anterior, nos gustaría si nos puidese contestar si o van a presentar ou si pola contra decidiu o goberno a presentación ou está a traballar noutra petición.

Sra. Alcaldesa: Este goberno ten moi claro o compromiso co deporte por elo levamos nesta lexislatura un ano e catro meses investindo máis de 150.000€ no eido deportivo, o cambio de cuberta case 48.000€, o cambio de tarima de formigón a tarima de haia 92.338€ cumprindo ademais así os compromisos que tiñamos establecido co tecido deportivo que fai uso do pavillón municipal, eles e elas saben perfectamente cal é o noso compromiso de seguir pelexando para conseguir esa ampliación do pavillón e que está dentro dos nosos obxectivos de esta lexislatura, máis este Concello ten moitísimas prioridades, moitísimas necesidades que atender e o Goberno ten claro a que se vai a destinar este Plan Extra da Deputación ao que Salceda lle corresponden 700.000€, que xunto co 20% que son 175.000€ que temos que aportar a este Plan fan un total de 875.000€ irán destinados ao saneamento de Entenza. Esta parroquia non ten practicamente saneamento a excepción dun ramal en Pedracarballa e será a nosa gran prioridade, un saneamento valorado na súa totalidade aproximadamente 1.200.000€ vai ser iniciado con unha inversión de 875.000€ se a Xunta tivera cumprido a promesa cos veciños de Soutelo e Entenza precisamente non estaríamos nesta situación e a financiación do Plan Extra iría directamente a ampliación do Pavillón, neste caso temos claro a aposta deste Goberno polo saneamento nesta lexislatura, é clave e vai ir destinado ao saneamento de Entenza.

A Sra. Alcaldesa levanta a sesión instando a que os rogos e preguntas se formulen ben por escrito e serán respostadas ou ben na vindeira sesión ordinaria que será en decembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

